



**ASETEM**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Comercio



**MELIDE**  
Entrevista a  
Juan Carlos  
Curros,  
responsable  
de Protección  
Civil P16-17

**COMARCA**  
A casa do maior  
de Santiso, á  
espera de poder  
reabrir P19

**LE CER**  
O sector do  
ocio busca  
alternativas  
para ofrecer  
conciliación ás  
familias P20

**ENTREVISTA**



**Luis e Víctor  
Castro Casal,  
Hotel  
Carlos 96 P23**

# Cerne

**O xornal da Terra de Melide**

Ano XV - Nº 172. Xuño 2020. Distribución gratuíta

## Sorteos e descontos nos *Días Brancos* do comercio melidense

Como alternativa á tradicional Noite Aberta, e tendo en conta as circunstancias actuais, Asetem-CCA desenvolve durante os días 17, 18 e 19 deste mes a campaña *Días Brancos*. A finalidade como sempre é a de potenciar as vendas no comercio local e para iso haberá descontos durante as tres xornadas. Ademais, rematada a campaña celebraranse diferentes sorteos a través de Internet, garantindo así que se cumpre coas normas sanitarias de protección fronte ao Covid-19. P3



Imaxe de arquivo da pasada Noite Aberta

**Novas verteduras dende o polígono da Madanela**



(ATRF)

Tres vertidos en menos dunha semana e as queixas dos empresarios do polígono fan que o Goberno de Melide demande unha depuradora á Xunta. P14

**Os retos dos diferentes sectores tralo Covid-19**



Comercio, alimentación, educación, saúde... diferentes sectores de Melide fan balance tras superar os peores momentos da pandemia do coronavirus. P6 a 12

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS  
TERRA DE MELIDE**

*30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca*

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com  
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

## Editorial

### Volvemos á (nova) normalidade

O 5 de xuño celebrouse o Día Mundial do Medio Ambiente; unha das grandes preocupacións antes da chegada da pandemia do Covid-19, asunto do que agora tam pouco debemos nin podemos esquecernos.

Moitos pensamos, quizais de forma ilusa, que tras vernos obrigados a enfrontarnos a unha situación de alerta sanitaria que chegou a implicar unha restrición total da mobilidade algo cambiaría no planeta. Que algo cambiaría en nós.

Está visto que nos equivocamos.

Por todas partes escoitamos dicir que hai que adaptarse a unha “nova normalidade”, pero o que ninguén nos dixo é que sería igual ou peor ca “vella normalidade”. É nova normalidade continuar vertendo residuos ao río Furelos dende o polígono industrial da Madanela? É nova normalidade tirar ao chan, en calquera lugar, luvas e máscaras de protección? Que ten isto de nova normalidade cando seguimos maltratando o noso planeta a sabendas de que é a única casa que temos? Como é posible que se poida seguir facendo de forma totalmente impune?

Anos e anos sen unha solución efectiva para frear as verteduras mentres uns de-



(Freepik)

rivan a responsabilidade a outros, os outros a uns, e os de sempre seguen actuando impunemente. Pensamos que sería unha boa oportunidade para comezar de novo, para reflexionar e para facer as cousas ben despois de pasar por unha situación inédita nas nosas vidas, pero á vista está que non aprendemos nin avanzamos absolutamente nada. Tamén é certo que observando o outro tipo de clima (o político), non podemos albergar grandes esperanzas de cambio.

Por se isto fose pouco, vimos de coñecer que a sexta extinción masiva está tendo lugar máis rápido do esperado. Así o recolle un estudo publicado pola revista científica dos Estados Unidos *Proceedings of the National*

*Academy of Sciences* (PNAS), no que se explica que a sexta extinción masiva dalgunhas especies na Terra estase acelerando máis do previsto nas últimas décadas. E a quen apuntan os científicos como responsables? Ao ser humano, por suposto.

Pois nada, sigamos sen poñer solucións enriba da mesa. Sigamos botándonos a culpa uns a outros, só mirando polo noso interese particular.

Seguiremos conmemorando cada ano o Día Mundial do Medio Ambiente, e seguiremos maltratando o ecosistema. Pero ollo, que a factura pagarémola todos; entre eles os que se cren impunes e os que continúan derivando e evadindo as súas responsabilidades.

## Tribuna de opinión

### Un escaparate virtual

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Moitas veces escoitamos iso de “renovarse ou morrer”. Pois agora, máis que nunca é o que toca.

Fixo falta que chegase un virus para poñer aínda máis de relevo que o modelo de crecemento económico tal e como estaba deseñado non era sostible. É o caso por exemplo do Xacobeo, con todo tipo de negocios e actividades medrando ao seu arredor que agora están totalmente paralizadas.

Acostumados a un sistema baseado no sector servizos, no turismo, sobre todo de peregrinos como é o caso de Melide e concellos da contorna, agora hai que pensar en como sobrevivir e saír adiante de novo.

Un consumo e unha produción sostibles deben fomentar ese equilibrio responsable, e iso é o que nos toca agora. Reinventarnos de forma aínda máis eficaz se cabe, cousa que xa fixeron algunhas empresas da comarca.

Xogamos coa gran vantaxe da proximidade, da confianza dos establecementos locais; aspecto

no que nunca debemos deixar de insistir, e que agora podemos e debemos trasladar tamén a Internet pois, en tempos de confinamento, quedou claro que ese é o futuro.

Por iso, dende Asetem-CCA apostamos por unha plataforma en liña para amosar o produto do noso pobo ao exterior; e é que independentemente de que cada negocio teña a súa páxina web, sabemos que unha plataforma que os aglutine a todos sempre ofrece máis posibilidades.

Queda aínda un longo camiño por percorrer, pero xa estamos dando os primeiros pasos para que todos os nosos sectores dispoñan do mellor e máis efectivo escaparate nos tempos nos que vivimos: o virtual.

Mentres, toca facer grupo, unirse e amosar de novo que o empresario de Melide e comarca sabe repoñerse ante a adversidade. Polo menos dende Asetem-CCA seguiremos pelexando por iso, por buscar solucións e ofrecer oportunidades aínda que parezan mínimas.

## Cerne

Edición dixital en [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

Publicación mensual de distribución gratuíta

**COORDINACIÓN E REDACCIÓN:** Concha Viqueira

**EDICIÓN:** Asociación de Empresarios Terra de Melide

**ENDEREZO:** R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

**Telf. e Fax:** 981 506 188 **E-mail:** [info@asetem.com](mailto:info@asetem.com)

**COLABORACIÓN:** Jesús Luaces (Instituto de la Sordera)

**AGRADECIMENTOS:** Pilar López,

Imprenta Meligraf, Ana Mato

**IMPRESIÓN:** Publicaciones Tameiga S.L.

**DEPÓSITO LEGAL:** OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE  
MEDIOS EN GALEGO

## ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....14
- COMARCA.....19
- CULTURA E LECER .....20
- COLABORACIÓN.....22
- ENTREVISTA.....23

## Chegan os *Días Brancos* a Melide con grandes descontos e sorteos

A iniciativa, que se desenvolverá os días 17, 18 e 19 de xuño, substitúe á tradicional Noite Aberta

Toca reinventarse e continuar apoiando ao comercio de proximidade. Pensando niso e que en xuño Asetem-CCA organizaba a tradicional Noite Aberta, este ano a proposta cambia de forma pero non de fondo. Chegan así os “Días Brancos” que se celebrarán o mércores 17, xoves 18 e venres 19 de xuño.

“A proposta é semellante á Noite Aberta, pero adaptada ás circunstancias actuais. Chamámoslle Días Brancos e durante eses tres días os comercios e establecementos asociados participantes, sexan do sector que sexan, contarán con ofertas especiais, iso si no seu horario habitual porque consideramos que nestes momentos non é preciso que as tendas estean abertas máis tempo do habitual”, sinalou Pilar López, xerente de Asetem-CCA.

Durante as diferentes xornadas ademais das ofertas especiais tamén haberá unha decoración especial e animación na rúa “aínda por determinar e que cumpra cos requisitos esixidos en canto a medidas sanitarias de seguridade”.

### Diferentes sorteos

Xunto aos grandes descontos que haberá durante os Días Brancos tamén se celebrarán diferentes sorteos unha vez rematada a campaña. Para participar neles é preciso que por cada compra superior a 10 euros en establecementos asociados se faga unha fotografía do ticket e se envíe á dirección de correo electrónico:

**diasbrancosmelide@gmail.com**

Para aquelas persoas que non dispoñan de correo electrónico, ou que non se mane-

xen coa tecnoloxía, o envío da fotografía do ticket de compra poderá facerse a través dun familiar ou tamén do propio comerciante. Iso si, sexa un familiar ou o comerciante o que envíe a fotografía do ticket, esta deberá enviarse sempre á dirección de correo:

**diasbrancosmelide@gmail.com**

Unha vez recibida a fotografía no correo, este será contestado coa asignación dun número que será o que entre no sorteo. Deste xeito, posto que non hai un límite de participacións, cantas máis compras se realicen máis fotografías de tickets poderemos enviar e máis oportunidades teremos de gañar un premio.

Unha vez finalizada a campaña dos Días Brancos, con todos os tickets recibidos no correo e o número correspon-




Sorteo celebrado no cantón de San Roque durante a Noite Aberta de 2019

dente asignado, procederanse a realizar os sorteos. “O martes seguinte, día 23 de xuño, realizarase o primeiro sorteo –explica Pilar– e cando ese premiado veña a recoller o seu agasallo será el mesmo o encargado de extraer un novo número, e así sucesivamente durante varios días”.

Todos os sorteos serán gravados en vídeo e publicados nas redes sociais de Asetem-CCA. Así, con este sistema cúmprense as medidas de seguridade e evítanse as grandes concentracións de persoas

como adoitaba pasar no sorteo da Noite Aberta que tradicionalmente se celebraba no cantón de San Roque a partir das doce da noite.

En canto aos premios, haberá agasallos como un circuito termal no Hotel Balneario Río Pambre a desfrutar a partir do mes de xullo, unha cea por valor de 100 euros en calquera dos restaurantes asociados a Asetem-CCA, un lote de queixos Arzúa - Ulloa e numerosos vales desconto para investir de novo nos comercios e establecementos da vila.




## PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049  
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Partición de herdanzas (partixas)
- Fotos antigas do Catastro
- Catastro
- Informes periciais e valoracións
- Concentración parcelaria
- Segregacións e agrupacións
- Proxectos agrícolas
- Legalización de pozos e traídas de auga
- Imposto de sucesións
- Informes de validación gráfica alternativa

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com  
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)



## LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

*Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19*

**Plagostel**  
N.R.S. [0177-GAL-SPO]  
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle  
986118714 – 698179968  
pedidos@plagostel.com

## Concello e Asetem abordan os retos do comercio local trala crise sanitaria



Representantes de Asetem-Centro Comercial Aberto e do Concello de Melide mantiveron unha reunión para abordar diferentes aspectos relacionados co comercio da vila.

Por parte dos empresarios estiveron na reunión Manuel Vázquez, presidente; Rodrigo Fernández, vicepresidente; e Pilar López, xerente de Asetem-CCA; mentres que por parte do Concello acudiu ao encontro o Concelleiro de Comercio, Xosé Igrexas.

Tal e como explicou a xerente unha vez rematada a reunión, abordáronse aspectos como a necesidade de transmitir que Melide ten un comercio seguro fronte ao coronavirus e o apoio do Concello a campañas destacadas da asociación como son a de Nadal e o Mercamelide. A este respecto Pilar López sinalou que “a intención é celebrar unha nova edición do Mercamelide no Camiño durante o mes de agosto, nunha data aínda por determinar e sempre que as circunstancias sanitarias o permitan”.

### Novidades en relación á plataforma Zaska!

Durante a reunión, dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto trasladáronse ao concelleiro de Comercio as últimas novidades en relación á integración do comercio na plataforma de venda en liña Zaska!; iniciativa financiada dendo o Concello para que fose posible a súa posta en marcha.

“A iniciativa está en pleno desenvolvemento –lembrou Pilar– e nestes momentos debe haber unhas 25 tendas dadas de alta, pero moitas máis interesadas que por falta de tempo, e tamén descoñecemento, aínda non o están”. Por este motivo, e coa intención de que todo estea listo para o mes de xullo, para que os visitantes se vaian sabedores de que o comercio de Melide tamén está en Internet, “a partir do 22 de xuño comezará un taller en Melide impartido polos responsables de Zaska! para que os comerciantes que

aínda non se deron de alta poidan facelo de forma rápida e sinxela”. Tamén ao longo do mes de xuño un técnico da plataforma irá polas tendas interesadas en darse de alta e que aínda non o fixeron para que o proceso lles sexa máis doado.

En breve ademais comezaráse coa promoción da plataforma tanto nas redes sociais como nas tendas mediante dípticos informativos “para que os posibles usuarios e compradores a vaian coñecendo”.

Por outra banda, dende Asetem-CCA estase a traballar nunha segunda parte deste proxecto que consistiría en facer un reparto dos pedidos centralizado. “O que queremos é que unha empresa se encargue da entrega de todos os pedidos que se van facer a través das tendas que están en Zaska!, incluso dos pedidos que se fagan nas páxinas web de cada tenda –aclarou Pilar–; é dicir, que toda a venda online de Melide, estea centralizada nun repartidor de paquetería”.

## Asetem celebrará a súa asemblea xeral o 25 de xuño

O vindeiro 25 de xuño a Asociación de Empresarios Terra de Melide celebrará a súa asemblea xeral ordinaria e tamén unha extraordinaria para proceder á renovación do 50 por cento dos membros da xunta directiva, tal e como fixan os estatutos.

A intención será celebrala de xeito presencial, como todos os anos, no local de Asetem. “Dispoñemos dun salón de actos bastante amplo e pensamos que será espazo suficiente para acoller aos asistentes tendo en conta as circunstancias que estamos vivindo; de todas formas nas carta que enviaremos aos socios pediremoslles que nos confirmen a asistencia para saber se será preciso buscar unhas instalacións máis grandes”, explicou a xerente de Asetem, Pilar López.

Dende a asociación de empresarios recalcan a importancia de asistir xa que se abordarán diferentes aspectos. “Informarase sobre o estado das contas da asociación, as actividades que se le-

varon a cabo durante este ano e os obxectivos que hai previstos de cara ao ano seguinte”.

### Continuidade de campañas

Precisamente ao fío das actividades e obxectivos previstos, dende Asetem-CCA retomouse en días pasados a campaña Contigo Somos Contigo Seremos cun novo reparto de cromos para completar o álbum con fotografías antigas de Melide.

A dinámica desta iniciativa, que se puxo en marcha un mes antes de que se decretase o estado de alarma por mor da pandemia do Covid-19, consiste en adquirir as fotografías adhesivas despois de realizar unha compra nos comercios asociados da vila para, unha vez completado o álbum, participar no sorteo de diferentes premios. O obxectivo que se persegue con ela é fomentar o comercio de proximidade á vez que se difunde o patrimonio histórico local.

## Recolle o premio que ganou participando en #morriñadeti durante o confinamento



Sonia Blanco foi a premiada de Asetem-CCA dentro da campaña #morriñadeti que dende a Asociación Galega de Xerencia de Centros Comerciais Abertos e Zonas Comerciais Urbanas se desenvolveu online en pleno confinamento.

Agora que as condicións sanitarias o permitiron, Sonia Blanco puido recoller por fin en persoa o seu vale agasalho de 50 euros nas oficinas de asociación de empresarios

melidense.

A campaña, desenvolvida a comezos do mes de abril e na que participaron Centros Comerciais Abertos de toda Galicia, consistía en compartir nas redes sociais unha publicación que recollése o que máis se botaba de menos do comercio local.

En total repartíronse 27 vales de compra de 50 euros cada un (máis de 1.300 euros), un por cada CCA que participou.



## O PP de Melide analiza con Asetem as necesidades do sector



Representantes do Grupo Municipal do Partido Popular de Melide mantiveron unha reunión coa directiva da Asociación de Empresarios Terra de Melide para analizar a situación e as necesidades do sector no municipio derivadas da crise sanitaria do Covid-19.

Dalia García, portavoz do PP local, acompañada de María Jesús López, trasladou ao presidente, Manuel Vázquez; vicepresidente, Rodrigo Fernández; e xerente de Asetem-CCA, Pilar López, as medidas que dende o Partido Popular de Melide presentaron ao goberno local para apoiar ao sector comercial e empresarial da vila.

Neste senso, as populares explicaron a súa aposta pola inxección de 725.144 euros para

apoiar á economía local na crise do Covid-19 baixo un plan denominado “Melide, Tes de Todo”, “Melide é Comercio”, “Melide é social” no que especifican axudas directas ao comercio, hostalería e familias en situación de vulnerabilidade.

Tanto dende Asetem-CCA como dende o Partido Popular coincidiron en sinalar que agora é o momento de sumar esforzos para que a actividade económica da vila se vexa o menos prexudicada posible.

Rematada a reunión, o presidente da patronal quixo “agradecer unha vez máis a colaboración e a boa disposición da portavoz popular e do seu grupo na loita contra unha situación que para todos está sendo inédita e difícil de xestionar”.

## Formación para autónomos en comercio electrónico e en novas canles online ata o 23 de xullo

A Xunta de Galicia puxo en marcha un novo programa formativo denominado *Autónomos dixitais*, co que pretende reforzar o tecido produtivo galego facilitando a 1.200 alumnos o desenvolvemento de competencias en comercio electrónico e novas canles online co obxectivo de mellorar tanto a comunicación cos clientes como o coñecemento dos seus produtos e servizos.

O programa ofrece dúas accións formativas online, de 50 horas lectivas cada unha, centradas na mellora de habilidades no eido da xestión lóxística, o márketing, a venda online e a creación de tendas virtuais. En concreto, *Fundamentos para a creación dun proxecto de comercio electrónico e Especialista en e-commerce*.

As persoas que realizan unha actividade económica por conta propia interesadas nestes cursos poden solicitar a súa praza ata o 22 de xullo cubrindo un formulario web na páxina <https://www.autonomosdixitais.com>.

Os cursos iníciáanse todos os xoves dende o pasado 21 de maio, e o último comezará o 23 de xullo.

A formación está subvencionada integramente pola Xunta de Galicia. O único requisito de inscrición nos cursos é o de estar dado de alta como traballador autónomo en Galicia ao comezo da acción formativa.

Os alumnos que superen con éxito a formación recibirán un Diploma de Aproveitamento das horas formativas avalado pola Xunta de Galicia.

## SABER DE LEI



### EXPEDIENTE DE REGULACIÓN TEMPORAL DE EMPREGO (ERTE)



**Ana Mato Salgado**  
Avogada

Tlfn.: 671 833 425  
Rúa Xesús Carro, N°15-2°  
(Melide)

Foi un dos termos máis escoitados durante a crise sanitaria que estamos atravesando. Foron miles as empresas que a consecuencia do Estado de Alarma se viron obrigadas a pechar, e foi esta situación a que deu paso aos ERTE, polo que a Seguridade Social se faría cargo das prestacións por desemprego e os traballadores percibirían o 70% da base reguladora, tomando como referencia os últimos seis meses cotizados.

Os ERTES estaban directamente relacionados coa duración do Estado de Alarma, polo que xurdían moitas dúbidas sobre as limitacións temporais dos mesmos. Polo que regula o Real Decreto 18/2020, as empresas que se houberen acollido a un ERTE por forza maior durante o Estado de Alarma poderán manter esta situación ata o 30 de xuño de 2020, a pesar de que o Estado de Alarma finalice antes.

Pero débese diferenciar entre ERTE de forza maior, que sería o que se acaba de mencionar; e os ERTE por causas económicas, técnicas, organizati-

vas ou de produción, os cales nunca estiveron vinculados ao Estado de Alarma e a data de finalización será a vixente que se establecese no mesmo, e polo que as condicións varían en cada caso.

E temos que distinguir tamén o ERTE por forza maior parcial. As empresas que se ven neste caso poden recuperar aos traballadores afectados na medida necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, primando os axustes en termos de redución de xornada. Esta nova medida responde á necesidade que teñen as empresas de retomar a súa actividade e teñen por obxectivo permitir que estas empresas que se viron obrigadas a cerrar recuperen parte do seu cadro de persoal, ben a xornada parcial ou completa.

O empresario debe informar á autoridade laboral nun prazo de 15 días dende que o traballador se incorpore ao seu posto de traballo, da renuncia ou desafectación ao ERTE, indicando os datos dos traballadores que comezaran a traballar de novo. Ao igual que é obrigatorio comunicar ao Servizo Público de Emprego Estatal os datos dos traballadores que se reincorporan á actividade da empresa.

O ERTE non se trata dun período de desemprego, senón que se pode cobrar o paro incondicionado e sen gastalo.

Se a normativa non se modifica, os traballadores que sigan no ERTE o día 1 de xullo de 2020 comezaran a “gastar” a súa prestación económica de desemprego, funcionando esta prestación do mesmo xeito que antes de existir estas medidas aprobadas pola crise sanitaria.

Os traballadores que teñan contratos fixos discontinuos verán como este período se alargará ata o 31 de decembro de 2020, co fin de reducir as consecuencias económicas derivadas do Covid-19.

A empresa debe manter o emprego durante seis meses, pero só no caso de que a empresa se acollese ao ERTE por forza maior, non de outro tipo. A cláusula de salvaguardar o emprego significa non facer despedidos que poidan ser cualificados como improcedentes nin despedidos obxectivos; non se considera incumplido nos casos dun despido declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación, incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. No caso dos contratos temporais este compromiso non se entenderá como incumplido cando o contrato se extinga por expiración do tempo conviado ou a realización da obra ou servizo que constitúe o seu obxecto, ou cando poida realizarse de forma inmediata a actividade obxecto de contratación.

Se a empresa non cumpre con esta cláusula terá que devolver todas as cotizacións á Seguridade Social que a empresa non houbera pagado por ERTE, con recargo e intereses.

## FASE A FASE - Viñoteca Ribeirao

### “O fundamental agora é que compremos no noso pobo”

Son tempos de incerteza para todos, de ir fase a fase, e precisamente iso é o que fixemos neste Cerne. Abrimos sección especial para seguir coñecendo como afectou a pandemia do Covid-19 aos diferentes sectores da comarca. Como o enfrontaron, como están a recuperarse, as posibles consecuencias e as mensaxes que queren trasladar dende os seus negocios. Comezamos con Manuel Ferreiro de Viñoteca Ribeirao.

Ao igual que o resto de negocios da vila, Viñoteca Ribeirao tivo que pechar as portas trala declaración do estado de alarma o pasado mes de marzo. O luns 25 de maio, por fin, puideron volver a abrir comezando a funcionar ao 50% da súa capacidade.

A medida que foron pasando as semanas trataron de recuperar a súa actividade tal e como a coñeciamos antes. “Fomos atendendo segundo a demanda que tivemos; é certo que nos primeiros días a demanda foi inferior con respecto a antes de pechar, pero a nosa intención sempre foi volver a funcionar ao 100%”, explicou Manuel Ferreiro.

E como é lóxico, sempre adoptando todas as medidas sanitarias que o protocolo estableceu, “desinfectante de mans, comezamos limitando o aforo,

e uso de mascarillas”, sinalou.

#### Volven as catas

Nesa tentativa por recuperar a normalidade, Viñoteca Ribeirao ten previsto comezar en breve coa actividade das catas. “A nosa intención é recuperalas pronto e volver a celebralas tal e como o estabamos facendo antes, unha ou dúas catas ao mes”.

Sabedores de que a pandemia do Covid-19 tamén afectou á denominada cultura do viño, dende Viñoteca Ribeirao agardan que, pasado un tempo prudente, esta se poida recuperar. “Eu entendo que a vai frear un pouco, porque así como o mundo do viño necesita dunha economía saneada, tamén precisa duns consumidores cunha economía saneada e garantida; as expectativas non son que vaia na mesma liña na que es-



Viñoteca Ribeirao ten previsto comezar en breve coa celebración de catas (Foto de arquivo)

tabamos antes do coronavirus, pero si que pouco a pouco se vaia restablecendo”.

Ante esta situación, Manuel Ferreiro quixo trasladar aos consumidores unha mensaxe de optimismo e confianza nas tendas de barrio. “A mensaxe fundamental é que agora compremos no noso pobo, en todas as tendas do pobo; iso en primeiro lugar, e xa despois se non hai existencias que nos abramos a outros espazos,

pero agora mercar aquí é o máis necesario”.

#### Novidades

Deixando a un lado a alerta sanitaria, Viñoteca Ribeirao tamén trae novidades, pois a tenda de Melide viuse sometida a unha pequena reforma. “O motivo foi que queriamos adaptar os estantes á exposición dos artigos que agora amosamos neles, e que neste caso son botellas de viño”,

dixo Ferreiro.

Deste xeito, cambiaron as vitrinas anteriores por uns estantes diferentes. “Os que tiñamos antes e que se estaban utilizando eran uns de tipo vitrina que se aproveitaron da anterior representación, doutro tipo de mercancías; pero chegado o momento quitámoslos e puxemos os que temos agora, que nos parecen máis adecuados e que son con menos cristal e máis madeira”.



## INGRESO MÍNIMO VITAL

(Información emitida polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións)

### 1.- Dende cando pode solicitarse o Ingreso Mínimo Vital?

O prazo para solicitar a prestación iníciase o luns 15 de xuño de 2020.

### 2.- Teño que acudir a unha oficina para solicitar o Ingreso Mínimo Vital?

Non é necesario acudir a unha oficina da Seguridade Social (CAISS) para solicitar o Ingreso Mínimo Vital. É recomendable utilizar os servizos web do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) na Sede electrónica da Seguridade Social.

### 3.- En que prazo se resolverá a miña solicitude de Ingreso Mínimo Vital?

O prazo máximo para resolver a súa solicitude é de tres meses dende a data de presentación. Transcorrido dito prazo sen que se produza resolución expresa, entenderase denegada a solicitude por silencio administrativo.

### 4.- Que requisitos debo cumprir para ter dereito ao Ingreso Mínimo Vital?

Os requisitos básicos son:

- Ter residencia legal e efectiva en España de forma continuada durante o ano inmediatamente anterior
- Encontrarse en situación de vulnerabilidade económica, o que

se acredita tendo en consideración o seu patrimonio e o seu nivel de ingresos e rendas

- Ter solicitado as pensións e prestacións viventes ás que puidese ter dereito, nos termos que se fixen regulamentariamente. Quedan exceptuados os salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou achegas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas

- Que a unidade de convivencia estea formada dende hai un ano
- Figurar inscritos como demandantes de emprego, no caso de persoas maiores de idade ou menores emancipados, que non estean traballando

- Ademais destes requisitos xerais deberá reunir unha serie de condicións referidas as súas circunstancias persoais e/ou ás da súa unidade de convivencia

### 5.- Como se paga a prestación?

O pago da prestación será mensual e efectúase por transferencia bancaria a unha conta do titular da prestación. O Ingreso Mínimo Vital é intransferible.

### 6.- Máis información

A Seguridade Social habilitou un número de teléfono gratuíto para consultas sobre o Ingreso Mínimo Vital. É o **900 20 22 22**. O horario de atención é de 9.00 a 14.30 horas.

## centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



**ÓPTICastábora**

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE  
AUDIOPRÓTESIS  
E. 15-001241

REXCE  
ÓPTICA  
E. 15-001238

## FASE A FASE - Plagostel, Control de Riesgos Ambientales

### “Quizais, cando finalice esta etapa toda a sociedade tomará conciencia da importancia da desinfección no noso día a día”

**S**e algo nos ensinou a pandemia do Covid-19 foi que a desinfección e a hixiene en calquera espazo e superficie é imprescindible. Pero tamén a forma de proceder á hora de desinfectar. Así por exemplo, durante días e días todos oímos falar de máquinas de ozono, arcos desinfectantes, luces ultravioleta... pero son realmente efectivos e seguros estes métodos? Dende Plagostel, Control de Riesgos Ambientales, Iago Alonso Martínez e Samuel Alonso Martínez (xerentes e responsables técnicos da empresa) acláranos esta e outras dúbidas.



**- Como cambiou a forma de proceder en canto a desinfección e limpeza de espazos coa aparición do Covid-19?**

**- Iago Alonso e Samuel Alonso (I.A. / S.A.):** Os servizos de desinfección sempre se realizaron, aínda que se encontraban en terceira posición dentro das solicitudes dos clientes, por detrás da desinsectación e desratización, onde notamos “unha baixada” que se explica polo peche temporal de instalacións e negocios. Hai que diferenciar a limpeza da desinfección. As nosas empresas dedícanse á desinfección, xa que estamos inscritos no ROESB (Registro Oficial de Establecementos e Servizos Biocidas), podendo utilizar así desinfectantes, virucidas TP4 solo aptos para persoal profesional especializado. Con todo, diríamos que xa non é un servizo prescindible, senón fundamental. Quizais, cando finalice esta etapa toda a sociedade tomará conciencia da importancia da desinfección no noso día a día. En canto aos protocolos, xa estaban establecidos e aplicábamolos segundo a Norma UNE-EN 16636. Agora ampliamos ditos procedementos apoiándonos nas guías e recomendacións que nos aportan dende diferentes organismos.

**- Que métodos de desinfección empregan dende Plagostel fronte ao Covid-19? En que consisten e que se consegue con eles?**

**- I.A. / S.A.:** Os métodos de desinfección decidímolos unha vez realizada unha diagnose da situación, decidindo así que virucida empregar e que método de aplicación é o axeitado para cada caso. A desinfección levámola a cabo por exemplo con calor, pulverización dirixida, mediante nebulización en frío que consiste en reducir o tamaño de partícula que ocupa todo o volume das salas onde se aplica. Con este último método o desinfectante é dispersado en forma de pequenas gotas similares á néboa, utilizando o aire comprimido como forza impulsora para a formación da mesma. Desta forma a néboa, que se comporta coma un gas, acada todas as zonas do local, accedendo a recunchos ou zonas que serían inaccesibles mediante unha pulverización dirixida. As pequenas partículas de auga nas que se atopan disolvidos os principios activos virucidas do desinfectante, depositanse sobre a superficie da sala de procesado, formando una delgada película sobre ela.

**- En relación á utilización dalgúns dispositivos ou sustancias como o ozono, son recomendables?**

**- I.A. / S.A.:** Hai sustancias biocidas que se encontran en avaliación na Unión Europea permitíndose, á espera de finalizar este proceso, a comercialización dos produtos que as conteñen, sempre que se respecten as medidas de seguridade correspondentes. Neste grupo atópanse algúns cuxa xeración se realiza in situ mediante maquinaria, como é o ozono. Este feito impide, ademais, que teñan un etiquetado que avise da súa perigosidade e usos, a diferenza do resto de biocidas. Por iso, para este tipo de biocidas, cuxa comercialización debe ter sido notificada ao Ministerio de Sanidade, recórdase a importancia de seguir as recomendacións do fabricante. Ante a proliferación no mercado de dispositivos produtores de ozono, este Ministerio advirte que o ozono, ao igual que outros biocidas: non se pode aplicar en presenza de persoas, os aplicadores deben contar cos equipos de protección adecuados, e ao ser unha sustancia química perigosa pode producir efectos adversos. No inventario de clasificación da ECHA (Axencia Europea de Sustancias e Mesturas Químicas) notifícase a clasificación desta sustancia como perigosa por vía respiratoria, irritación de pel e dano ocular. Pode

reaccionar con sustancias inflamables e pode producir reaccións químicas perigosas ao contacto con outros produtos. Ademais, a utilización destes métodos crea unha falsa sensación de seguridade, así que apostamos pola eficacia demostrada e a seguridade.

**- Cambiou ou aumentou o tipo de cliente que demanda os seus servizos coa aparición do Covid-19?**

**- I.A. / S.A.:** A nosa tipoloxía de cliente é a mesma. Na nosa experiencia diaria damos servizo a empresas de hostalería, industria alimentaria, centros de educación, centros de maiores, balnearios, centros spa, ximnasios, comunidades, albergues, hoteis, etc. Nas últimas semanas recibimos a solicitude dos nosos servizos de control de riscos ambientais tanto dos nosos clientes como de outros novos que, ante o Covid-19, necesitan sobre todo asesoramento e apoio á hora de tomar as mellores decisións para a apertura dos seus establecementos.

**“O ozono non se pode aplicar en presenza de persoas, os aplicadores deben contar cos equipos de protección adecuados e ao ser unha sustancia química perigosa pode producir efectos adversos. Ademais, a utilización destes métodos crea unha falsa sensación de seguridade”**

**- Ademais de acudir sempre a un profesional, algunha recomendación a seguir á hora de desinfectar fronte ao coronavirus?**

**- I.A. / S.A.:** Nós apostamos por unha limpeza e desinfección do establecemento constante, unha boa hixiene persoal tanto dos traballadores como dos provedores e clientes, e a distancia persoal (quizais o que máis nos custa, pero vital nunha temporada) e nos casos que non sexa posible, o uso de mascarillas adecuadas a cada situación. É moi importante establecer un programa de limpeza e desinfección que

este baseado nos principios APPCC (Análises de Perigos e Puntos de Control Críticos).

**- En caso de necesitalo, como solicitamos os servizos de Plagostel?**

**- I.A. / S.A.:** A través de email (administracion@plagostel.com), e por teléfono ou WhatsApp (630 941 929). Estaremos encantados de poder orientarvos.

**- Continúa Plagostel impartindo formación?**

**- I.A. / S.A.:** Por suposto. O noso servizo de formación xorde inicialmente como unha resposta a necesidades básicas dos nosos clientes, sobre todo formacións de manipulador de alimentos e alerxias alimentarias. Dende hai un tempo, o noso departamento de formación ten razón social propia: Mentora 360 (Formación Innovación y Desarrollo Empresarial, S.L.), e a súa razón de ser é responder a formacións adaptadas ás necesidades de empresas do sector da industria alimentaria, hostalería, seguridade e medio ambiente. Somos unha empresa organizadora da formación bonificada; estamos acreditados para impartir catro certificados de profesionalidade da familia de seguridade e medio ambiente, para desenvolver accións formativas de mantemento hixiénico sanitario fronte á leixonela e niveis especiais para o tratamento con tóxicos, gases, etc. Adaptámonos e intentamos evolucionar constantemente para responder ás necesidades e expectativas dos nosos clientes.

**- Algún tipo de formación específica relacionada co Covid-19?**

**- I.A. / S.A.:** Actualmente, como consecuencia do Covid-19 as empresas pídennos sobre todo orientación ante esta situación, como volver a poñer o seu negocio en marcha cumprindo coas medidas de seguridade que garantan a seguridade dos seus clientes e traballadores. Deseñamos unha formación propia coma unha ferramenta máis que lle proporcionamos aos nosos clientes para ofrecerlles máis recursos que lles axuden a saír con éxito desta situación. Na formación abordamos as medidas que se deben implantar para evitar o contaxio do Covid-19, identifícanse os elementos que se van ver máis afectados polas medidas de hixiene e seguridade, proporciónanse un conxunto de medidas e actuacións para afrontar a reapertura e o traballo diario e amósanse medidas para reducir ao máximo os riscos de exposición ao coronavirus para así garantir a seguridade e a saúde de clientes e traballadores.



## FASE A FASE - Ana Soto, Recambios Vulcano

**“Notamos que se está empezando a normalizar a situación, aínda que como é lóxico non ao ritmo de antes”**

O ocio, a saúde, o campo da educación... en maior ou menor medida todos os sectores se viron afectados pola alerta sanitaria do Covid-19 e o correspondente parón obrigatorio.

Agora, pouco a pouco tratan de volver á normalidade e recuperar o ritmo de traballo previo á declaración do estado de alarma, como é o caso de Vulcano en Melide nas súas respectivas liñas de negocio: *Ferrallas Vulcano, Recambios Vulcano e Mecánica Vulcano*.

“Non tivemos ERTE e non pechamos pero estivemos practicamente parados porque non tiñamos clientes –explica Ana Soto, –, é dicir, que nos afectou ao 100% porque se tes aberto pero non tes clientes é exactamente o mesmo que estar pechado”.

Durante ese tempo prestaron os servizos mínimos. “No taller non tivemos ningunha urxencia, pero si é certo que no caso

da ferralla si que tivemos que vir por forza maior para atender algunha obra”.

Agora, dende mediados de maio están retomando a normalidade aínda que cun volume de traballo inferior. “Fomos reanudando servizos pouco a pouco e vemos que está habendo traballo, que se está empezando a normalizar a situación un pouco máis, aínda que como é lóxico non ao ritmo de antes”, sinalou.

E entre os traballos máis demandados, no caso do taller, “sobre todo turismos e algo de camións tamén, e máis que reparacións son cambios de aceite, cambios de rodas, o que é en xeral o mantemento do vehículo; pero si notamos que en xeral temos menos traballo”.

Neste senso, Ana Soto lembrou a importancia de manter calquera tipo de vehículo ao día nas súas revisións para garantir a durabilidade do mesmo. “Sexa un coche, un camiión, un



Taller de Mecánica Vulcano (Imaxe de arquivo)

tractor é moi importante realizar un correcto mantemento para a súa boa conservación, e máis nestas circunstancias”.

### Abastecemento nos recambios

Dentro desta nova normalidade que día a día se vai impondo dende a parte de Recambios Vulcano destacaron a lentitude dos primeiros días á hora de recibir a mercan-

cía, un proceso que agora semella estar restablecéndose. “É certo que nos peores días as cousas retrasábanse moito, e aínda agora o transporte vai máis lento que antes, evidentemente porque non todo está funcionando ao 100% do seu ritmo habitual; pero iso non quere dicir que haxa desabastecemento porque se precisamos unha peza, esta pode tardar un pouco máis, pero

chega. É dicir, as cousas soluciónanse igual pero dun modo máis lento”.

Con todo, e sabedores de que “a xente está sendo máis comedida á hora do consumo”, dende Vulcano Ana Soto quixo transmitir unha mensaxe de optimismo agardando que “todo se recupere da mellor maneira posible e poidamos volver á normalidade canto antes”.

**Tchin Tchin**  
ESPECIAL VERANO

**3 veces más libre**

*Libre para elegir*



*Libre para disfrutar*



TU 2º Y 3º  
PAR DE GAFAS  
POR 1€ MÁS\*

EL 3º PAR, PARA TI O PARA  
QUIEN TÚ QUIERAS

*Libre para compartir*



C/RONDA DE CORUÑA, 16 (E-15-001258)  
MELIDE · 981 50 60 97

Promoción válida del 01/06/2020 al 31/08/2020 en todas las ópticas ALAIN AFFLELOU de España y Andorra. \*Ver más condiciones en óptica y en affleloues.

**ALAINAFFLELOU**  
El óptico loco por ti

ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

## FASE A FASE - Supermercado Gómez - Coviran

**“A xente volve a comprar un pouco de todo, o que necesitan realmente, non é ese aprovisionamento dos primeiros días”**



que non viña antes e que agora continúa apoiando ás tendas de barrio. E logo tamén é certo que creo que influíu un pouco o medo a ter que mercar en grandes superficies onde xeralmente xa hai máis cantidade de persoas, e que precisamente por iso preferían vir comprar a tendas pequenas. Influíu un pouco todo, supoño, pero o caso é que si que notamos ese aumento de clientes.

**- Dirían, dende o seu punto de vista, que quedou demostrada a importancia das tendas de barrio?**

**- Y.C.:** Si, por suposto. No noso caso por exemplo fixemos moito máis reparto a domicilio que de costume. Chamounos incluso xente de Alemaña, de Madrid que teñen aquí aos seus pais, para que lle levásemos a compra á casa. É certo que as grandes superficies tamén se viron un pouco colapsadas e igual por iso o seu reparto se demorou un pouco máis, pero fose polo que fose, si que notamos que a xente se apoiou e confiou un pouquiño máis en nós. Fomos incluso á farmacia; é dicir, fixemos máis cousas que o que é a propia actividade do supermercado. Aí está a importancia e a confianza nas tendas de barrio.

**- Desenvolveron algunha acción especial dende Supermercado Gómez – Coviran?**

**- Y.C.:** Si, puxemos o servizo a domicilio totalmente gratuíto coa intención de que a xente saíse o mínimo posible á rúa, por exemplo xente con mobilidade reducida, familias con nenos pequenos. E logo colaboramos coa asociación de mulleres rurais Alecrín de Melide, doando alimentos para aquelas familias que estaban pasando por dificultades. É certo que Coviran a nivel nacional tamén o fixo nas súas respectivas cidades, e nós aquí sempre que podemos xa o facemos, pero neste caso decidimos realizar a doazón a través de Alecrín para que chegase directamente a esas familias que máis o necesitaban.

**- Algunha mensaxe para os clientes de Supermercado Gómez – Coviran?**

**- Y.C.:** Simplemente que moitísimas grazas pola confianza que tiveron en nós, que seguimos coas mesmas propostas e dinámicas que viñamos desenvolvendo ata o de agora, que seguiremos ao pé do canón sempre que o necesiten, e que aquí estamos para o que faga falta. Seguiremos ofrecendo sempre o mellor de nós.

**S**e algo quedou demostrado nesta crise sanitaria (entre moitas outras cousas), foi a importancia das tendas de barrio, do comercio de proximidade, ese que temos ao lado da casa pero que por un motivo ou outro moitas veces non lle prestamos a atención que merece nin nos aproveitamos das grandes vantaxes que nos ofrece.

As tendas de alimentación local son un deses exemplos. Durante a pandemia do Covid-19 non pecharon as súas portas en ningún momento, garantindo o abastecemento de produtos e trasladando aos seus clientes –os de sempre e moitos outros que se achegaron por primeira vez– a confianza e a tranquilidade que ofrece o trato familiar que se respira nunha tenda local. Foi o caso de *Supermercado Gómez – Coviran* de Melide, dende o que agora amosan o seu agradecemento ante a confianza depositada polos seus clientes.

**- Como foron as primeiras semanas?**

**- Yolanda Cabanas (Y.C.):** A verdade é que ao principio un pouco asustados porque non sabiamos moi ben que ía pasar, pero dende o primeiro momento xa tomamos medidas de seguridade. Usamos mascarillas, guantes, solucións hidroalcohólicas, despois instalamos mamparas na

**“Moitas grazas aos nosos clientes pola confianza depositada, seguiremos ao pé do canón sempre que o necesiten ofrecendo o mellor de nós”**

caixa, un pouco reforzamos o que xa tiñamos porque nun supermercado a hixiene e a limpeza sempre son fundamentais, non só neste caso. Logo si que é verdade que a nivel de carros, cestas ou no chan tamén se intensificou a limpeza. O que si notamos foi moito máis traballo porque a xente, sobre todo ao principio viña como con medo a que non houbera subministro. Pero salvo en momentos puntuais, no caso dalgunha referencia concreta que si se puído esgotar, sempre houbo de todo e a xente cumpriu tamén moi ben todas as normas.

**- Que foi o que máis demandou a xente ao principio?**

**- Y.C.:** O primeiro fin de semana leite e papel hixiénico, sobre todo papel hixiénico. Logo xa cambiou a produtos como fariña e levaduras, de feito houbo marcas que nos dixeron que non daban producido para unha demanda tan elevada. E despois pasamos ao tema de lixivias e desinfectantes. Pero sobre todo, papel hixiénico e fariña.

**- E xa rematando a desescalada, que é o que máis se está a demandar?**

**- Y.C.:** Agora o que percibimos e que xa volveu certa normalidade, que a xente volve a comprar un pouco de todo e que compran o que realmente necesitan. Non é esa compra dos primeiros momentos cando a xente facía aprovisionamento de mercancías.

**- Notaron un aumento na afluencia de clientes?**

**- Y.C.:** Ao principio de todo igual non tanto, pero a partir da primeira semana si que notamos ese aumento. Como que os propios clientes eran os que nos dicían que había que apoiar o comercio local, e incluso agora moita desa xente quedou con nós e segue vindo a mercar. De momento, aínda que a situación xa se relaxou moito, seguimos tendo boa afluencia, tanto de clientes de sempre como de xente

## FASE A FASE - O Pequeno Besbello

**“Non están sendo tempos sinxelos, por iso cremos que o noso papel pode beneficiar e guiar ás familias”**



Andrea González e Manuel Mariño (Imaxe de arquivo)

**O** Pequeno Besbello, academia de ensino en Melide, reabriu as súas portas o pasado 25 de maio. Da man dos seus responsables, Andrea González e Manuel Mariño, coñecemos como viviron e como lles afectou ao seu labor profesional a pandemia do Covid-19, que medidas sanitarias adoptaron na súa particular volta ás aulas e que actividades están a desenvolver para que os estudantes, dende os máis pequenos ata os que en breve se enfrontan á temida “selectividade”, non acusen a falta de clases presenciais.

**- Como lles afectou a alerta sanitaria derivada do Covid-19?**

**- Andrea González (A.G.) e Manuel Mariño (M.M.):** Pechamos o 13 de marzo. Tendo en conta que non sabíamos moi ben o que estaba ocorrendo nin o alcance real que podía ter na zona, pareceunos a opción máis razoable. Desde ese momento estivemos atendendo ao alumnado e ás familias de forma gratuíta desde as nosas casas, a través de videochamadas, mensaxes, fotos, vídeos... Aparcamos o aspecto económico para intentar aportar o noso gran de area nesta crise.

**- Reabiron as portas o 25 de maio, dende ese día que servizos ofrecen?**

**- A.G. / M.M.:** Voltamos con todos os servizos que ofreciamos previamente. Reforzo para as diferentes etapas, inglés

**“A escola humaniza e fai que os nenos e as nenas vivan en comunidade. A docencia telemática é algo que deberiamos considerar como un recurso paliativo, pero non o preferente”**

e atención psicolóxica. Intentamos prestar especial atención ao alumnado de selectividade.

**- Que medidas sanitarias adoptaron?**

**- A.G. / M.M.:** Ademais das medidas sanitarias recomendadas: xel hidroalcohólico, desinfección regular, distancia social... fixemos remodelación nas aulas para que se garanta a distancia social de 2 metros. Implementamos un sistema de rexistro de desinfección, para que se poida comprobar as horas e as tarefas hixiénicas que realizamos. Así mesmo dotamos ao profesorado dos elementos necesarios: mascarillas, xel e un protocolo de desinfección para os cambios de clase. En todo momento intentamos in-

formar de como proceder, a través de diferentes carteis e infografías para que se poida entender o novo funcionamento e as normas que debemos aplicar.

**- Teñen prevista algunha novidade de cara ao verán ou próximos meses?**

**- A.G. / M.M.:** Estamos desenvolvendo diferentes programas de repaso e recuperación dos contidos que non puideron impartirse. Agora mesmo a nosa prioridade é reforzar e complementar o traballo dos centros escolares para garantir un peche de curso o máis proveitoso posible. Non nos esquecemos do alumnado que ten que presentarse á EBAU (selectividade). De cara ao verán optamos por un traballo de mantemento e reforzo, con atención específica aos alumnos e alumnas en momentos máis sensibles: inicio de primaria, cambio a secundaria...

**- O confinamento obrigou a moitos estudantes e profesores a empregar a teledocencia; dende o seu punto de vista que vantaxes e inconvenientes ten este sistema?**

**- A.G. / M.M.:** É un modelo que ofrece certa liberdade e supón un reto de autoxestión para o alumnado, unha oportunidade para aprender a controlar o tempo e enfocarse nas tarefas. En canto ao profesorado esta situación forzounos a unha reciclaxe e reinvencción. Pero principalmente vemos bastantes inconvenientes, o primeiro deles a escasa previsión e recursos para afrontar o reto da teledocencia. Os tempos de traballo dilátanse para ambas partes pero non resulta un modelo eficaz, cando menos actualmente. Hai unha gran cantidade de esforzo pero con resultados limitados, é imposible, aínda máis que antes, atender a cada alumno e alumna de forma axeitada e pérdese un compoñente social e humano importante.

**- Nun futuro, ante posibles novas pandemias, cren que estamos preparados para levar a cabo unha docencia unicamente de xeito telemático?**

**- A.G. / M.M.:** Tendo en conta cales foron as circunstancias, é unha opción que serve como parche pero non como método. A escola vai moito máis aló de transmitir coñecementos, é un elemento fundamental para a socialización, a emoción, o xogo, o contacto. A escola humaniza e fai que os nenos e as nenas vivan en comunidade. As aprendizaxes son moito máis duradeiras e significativas cando as acompaña un compoñente emocional, de apoio e de

contacto. Independentemente de que non temos infraestruturas nin garantías de calidade ou de que chegue a todos os fogares, a docencia telemática é algo que deberiamos considerar como un recurso paliativo, pero non o preferente.

**- Os máis pequenos non volverán ás aulas ata setembro. Como lles pode afectar iso?**

**- A.G. / M.M.:** En xeral non deberiamos preocuparnos en exceso. A infancia é probablemente a poboación con máis capacidade de adaptación e con maior flexibilidade. A mellor forma de entendela é pensar nas nosas historias, seguro coñecemos ou pasamos por operacións, baixas, enfermidades... que nos apartaron uns meses das aulas e iso non significou nada importante no noso proceso de maduración e aprendizaxe. É certo que hai algúns alumnos e alumnas que son máis sensibles e teñen unha serie de necesidades moi concretas. Para iso contamos cun sistema de atención á diversidade e con apoio a través de becas para financiar apoio externo, por exemplo.

**- Algún consello, recomendación para os estudantes/pais de cara á selectividade, a recuperar a dinámica das clases...?**

**- A.G. / M.M.:** O principal é non baixar a garda, manterse alerta e intentar seguir ao máximo as medidas de seguridade. En canto ao aspecto educativo, manter rutinas e actividades durante o que queda de curso e o verán é moi interesante. Manter a mente activa é un dos principais obxectivos para unha volta ás aulas satisfactoria. A lectura, arte, cociña, contacto coa natureza... temos moitas opcións para o desenvolvemento de intereses e coñecementos. Para os alumnos e alumnas das EBAU, traballo e calma. Hai tempo para poder prepararse e repasar. Teñen a súa disposición ao profesorado dos centros e tamén aos externos, coma nós, para acompañar e axudar en todo o posible.

**- Desexan engadir algún outro aspecto?**

**- A.G. / M.M.:** Aquí no Pequeno Besbello van atopar ese reforzo extra e a motivación que precisan tanto os cativos e as cativas como as familias para solventar as posibles dificultades que se presenten. O noso xeito de traballar prioriza a parte emocional xa que nos parece o mellor vehículo para una vida académica óptima. Non están sendo tempos sinxelos, por iso cremos que o noso papel pode beneficiar e guiar ás familias e, entre todos e todas xerar unha rede de colaboración e de impulso.

## FASE A FASE - Karim Gamil, clínica dental

**“As clínicas dentais son espazos seguros, onde se levan a cabo estritos protocolos de limpeza, desinfección e esterilización”**

UNA  
risa  
es una  
venida  
versal



Karim Gamil-Ahmed Quintela, odontólogo (Imaxe de arquivo)

**É** seguro acudir ao dentista en tempos de coronavirus? Que medidas sanitarias se empregan cos pacientes? Debemos acudir ás revisións ou pospoñelas? Probablemente moitos nos fixemos este tipo de preguntas, así que dende Cerne acudimos a un profesional para que nos resolva estas cuestións e outras dúbidas. Falamos co odontólogo Karim Gamil, da clínica dental *Karim Gamil Quintela* de Melide.

**- Como viviron esta situación?**

**- Karim Gamil (K.G.):** Pois nós pechamos xusto ó empezar o estado de alarma, se ben é certo que se nos consideraba como un servizo esencial, nós decidimos pechar as portas por responsabilidade social xa que consideramos que debido ó descoñecemento de moitos dos aspectos do virus e da enfermidade, podíamos resultar un vector de transmisión. A pesar diso e para, entre outras cousas, evitar que a xente tivese que acudir ó centro médico ou a urxencias, e polo tanto contribuír a saturar o sistema sanitario, tivemos o teléfono da clínica activo e atendemos urxencias durante o tempo que perma-

**“Gustaríame transmitir unha mensaxe de calma, os dentistas somos profesionais moi formados que estamos máis que preparados para evitar o contaxio deste virus nas nosas clínicas, polo que animo ós pacientes a que acudan ó seu dentista de confianza coa mesma tranquilidade que o facían antes da pandemia”**

necemos pechados, tanto vía telefónica, o que se podía solucionar así, como presencialmente.

**- Cando reabriron?**

**- K.G.:** Voltamos a abrir o día 11 de

maio, se ben é certo que en teoría o día 4 xa podíamos reanudar a actividade, decidimos utilizar esa semana para rematar a posta a punto da clínica, volver a chamar a algúns dos pacientes que tiñan tratamentos pendentes de antes, etc.

**- Que medidas de hixiene e desinfección adoptaron ou están adoptando, tanto para os seus pacientes como para os traballadores?**

**- K.G.:** No noso campo o que fixemos foi aumentar as medidas que xa tiñamos. En canto aos pacientes, pedimos que chamen para concertar a cita antes de acudir á clínica. Facemos unha triaxe telefónica para coñecer se presentaron algún sintoma da enfermidade durante este tempo ou ben se estiveron en contacto con algunha persoa enferma. Ademais diso, pedímoslles que acudan con mascarilla, sen colares, pulseiras, reloxo, etc, e a poder ser con luvas. Unha vez na clínica tomámoslles a temperatura e dámoslles xel hidroalcohólico para lavar as mans e cando se sentan dámoslles unhas gafas de protección e un colutorio para enxaugar a boca antes de empezar co tratamento.

O persoal da clínica pola nosa parte o que fixemos foi incrementar medidas que xa usabamos antes: usar dobre par de luvas, así como de mascarilla (levamos polo xeral unha FFP2 e outra cirúrxica por riba dela), gafas e pantalla de protección, así como batas ou monos para cubrir o noso pixama de traballo habitual.

Ademais de todo iso tamén temos algúns cambios na clínica; retiramos alfombras, revistas, plantas e demais obxectos da sala de espera; no gabinete cubrimos o cabeceiro e o repousa pés do sillón con proteccións, así como o ordenador, asas do equipo ou da luz, etc. Tamén agora espaciamos máis as citas entre pacientes para procurar ventilar o máximo posible e engadimos aos nosos aparellos purificadores de aire para intentar manter o aire da clínica o máis libre de contaminantes.

**- Perciben medo nos seus pacientes a asistir ao dentista por temor a un contaxio?**

**- K.G.:** Polo xeral a xente non está a poñer ningún problema, si é certo que nos preguntan máis a miúdo por temas como se deben traer mascarilla, ou se teñen que facer algo especial antes de acudir á consulta, pero como digo, polo xeral a xente acude sen medo.

**- É seguro acudir ao dentista nes-**

**tes momentos?**

**- K.G.:** Claro! As clínicas dentais son espazos seguros, onde se levan a cabo estritos protocolos de limpeza, desinfección e esterilización. Pero non de agora, temos que recordar que estes protocolos levan con nós dende “sempre”, dende moito antes de aparecer este virus. Ademais na nosa práctica estamos acostumados a tratar con outro tipo de virus como o da hepatite ou o VIH, polo tanto agora o único que fixemos foi reforzar certos protocolos que xa tiñamos ca fin de evitar a transmisión deste novo virus.

**- Por que é importante que sigamos mantendo as revisións e acudindo ás consultas?**

**- K.G.:** Compre recordar que unha boa saúde oral é imprescindible para unha boa saúde xeral, polo tanto é moi importante manter unha boa hixiene bucodental. Ademais, de aparecer un problema, canto antes o collamos o tratamento vai ser máis sinxelo. Polo tanto é conveniente, a medida que vaíamos entrando nesta “nova normalidade”, retomar cousas que quedaron pendentes no seu momento, entre elas as revisións dentais.

**- Algunha mensaxe ou consello en particular para os seus pacientes?**

**- K.G.:** Dúas cousas para rematar. O primeiro e máis importante, gustaríame transmitir unha mensaxe de calma, os dentistas somos profesionais moi formados que estamos máis que preparados para evitar o contaxio deste virus nas nosas clínicas, polo que animo ós pacientes a que acudan ó seu dentista de confianza coa mesma tranquilidade que o facían antes da pandemia. E o segundo, paciencia; estamos nunha nova situación para todos, e é posible que debido a que necesitamos máis tempo con cada un dos nosos pacientes, as listas de espera se alarguen, pero sempre intentaremos priorizar as urxencias e dende logo, non deixaremos a ninguén sen atender.

**- Que servizos prestan actualmente? Son os mesmos de antes ou cambiaron con esta situación?**

**- K.G.:** Coma sempre, prestamos e prestaremos os mesmos servizos que ofreciamos antes, pero neste mesmo momento seguimos priorizando tratamentos urxentes, e tratamentos que quedaron pendentes de antes do parón, intentando minimizar os tratamentos que xeran aerosois; polo menos durante as primeiras fases da desescalada.

<b>ASESORÍA</b> <b>CC Xestión</b> Otero Pedrayo, 10, Baixo 881 97 33 07	<b>DivaPro Hair&amp;Beauty</b> Rda. da Coruña, 58 981 93 76 65	<b>Laia Zapateiros</b> Praza Convento, 4 626 25 20 54	<b>Panadería e Pastelería Toques</b> Avda. de Lugo, 31 981 50 51 81	<b>Xoiería Silvela</b> Rda. da Coruña, 40 981 50 59 97	<b>Parillada O Carburo</b> Villamor, Toques 981 50 49 07	<b>Peluquería Santín &amp; Amo</b> Cantón de S. Roque, 38 Entrechán 650 43 63 75
<b>Seguros Bilbao</b> Rda. de Pontevedra, 113 678 05 59 42	<b>Ekaté</b> Cantón de San Roque,11 881 97 74 17	<b>Leiva Motosport</b> Rda. da Coruña, 52 981 50 73 34	<b>Pastelería Estilo</b> Rúa do Progreso, 6 981 50 51 53	<b>Yethi Carburantes</b> Cruce campo de fútbol 982 38 00 71	<b>Parrillada Rúa</b> Avda. de Lugo, 50 981 50 60 76	<b>Servinet</b> Vitoriz, s/n 697 89 24 66
<b>CANTERAS</b> <b>Canteras Richinol</b> Arenal, 64, Lalín 981 50 55 04	<b>Electrosan</b> Martagona, 13 981 50 79 64	<b>Librería Cousas</b> Avda. da Habana, 29 981 50 57 75	<b>Pastelería Trisquel</b> Novoa Santos, 32 981 50 50 98	<b>Zapatería Pequeniños</b> San Pedro, 4 981 50 79 66	<b>Parrillada Pilmar</b> Santa María 981 50 76 17	<b>Skala Peluqueros</b> Almirante Brown, 19-21 981 50 59 03
<b>Francisco Gómez y Cía. S.L.</b> Lg. A Mina S/N, Touro 981 51 73 17	<b>Electricidade Vilela</b> Avda de América, 34 981 50 59 00	<b>Librería Victorio</b> Taboada Roca, 1 981 50 50 55	<b>Perfumería Lyss</b> Rda. da Coruña, 44 981 50 76 84	<b>CONSTRUCCIÓN</b> <b>Construcciones M. Espiño</b> Concepción Arenal, 5 981 50 77 29	<b>Pazo de Eidián</b> Eidián, 5 Agolada 691 57 81 32	<b>Xanela Ocio</b> Rosalia de Castro, 12 634 24 34 69
<b>CARPINTERÍA</b> <b>Aluminios Melide</b> Pol. Madanela, 86 981 50 73 12	<b>Espomasa</b> Ctra. Melide-Toques, km 8, Toques 981 50 59 71	<b>M&amp;M Moda</b> Rda. da Coruña, 58 981 94 24 15	<b>Pescados e Mariscos Manolo</b> Garceiras, 3 - Baixo 629 81 20 29	<b>Construcciones Leonardo Miguélez</b> Santa María, Melide 981 50 52 73	<b>Pulpería Ezequiel</b> Cantón de S. Roque,46 981 50 52 91	<b>Zafiro Tours</b> (Axencia de viaxes) Rúa do Convento, 6 881 97 56 43
<b>Blangar</b> Ctra. Lugo km46, Melide 981 50 54 18	<b>Estc. de Sv. Corredoiras</b> Corredoiras-14, Boimorto 981 51 60 04	<b>Marvi</b> Rúa do Convento, 16 981 50 71 94	<b>Ramón Pampín Bango</b> Rda. de Pontevedra,105 981 50 75 26	<b>Construcciones Pichel Hnos.</b> Avda. Estación, 2, Lalín 986 78 07 59	<b>Xamonería Garceiras</b> Gaiteiros Garceiras, 1 608 975 776	<b>TALLERES</b> <b>Autos Mar</b> Pol. Madanela, 8-9 981 81 53 36
<b>Maderas Ovidio Leiva</b> Belmil, Santiso 608 58 74 47	<b>Estanco Angarela</b> Progreso, 9 981 50 60 96	<b>Modas Dándolo</b> Rúa do Convento 981 50 63 70	<b>Recambios Sando</b> Avda. de Lugo, 10 981 50 54 19	<b>Cubiertas Hermanos Blanco</b> Pol. Ind. A Raña, rúa 7. O Barco de Valdeorras 988 33 52 94	<b>SERVIZOS</b> <b>Academia Besbello</b> Rúa San Antón, 5 981 50 52 52	<b>Motor Melide</b> Pol. Ind. A Madanela 981 50 70 31
<b>COMERCIO</b> <b>Bodegas Mejuto</b> Rda. de Pontevedra, 74 981 50 77 62	<b>Eurocadena</b> Cantón de S. Roque, 9 670 29 29 17	<b>Melimática</b> Otero Pedrayo, 6 981 50 78 81	<b>Recambios Vulcano</b> Avda. de Lugo, 99 981 50 62 18	<b>Excavaciones Paradela</b> Ribeiro,s/n 981 50 55 92	<b>Ana Mato Salgado Avogada</b> Rúa Xesús Carro, 15, 2º 671 833 425	<b>Neumáticos Melide</b> Avda. Lugo, 129 981 06 57 00
<b>Borboriño Xeado</b> Rúa de San Pedro, 5 881 99 05 50	<b>Ferretería Noguero</b> Convento, 28 981 50 50 29	<b>Mercería Isabel</b> Rúa Camiño de Ovedo, 3 981 50 52 56	<b>Ribeirao</b> Convento, 12 981 50 50 18	<b>Hijos de Casal Mariño</b> E. Álvarez Carballido, 1 981 50 53 10	<b>Annic Difusión</b> Rda. Pontevedra, 63 981 94 38 94	<b>Talleres Diego Fernández</b> Pol. Ind. da Madanela (Parcela 23)-626 430 275
<b>Calzados Broz</b> Camiño de Ovedo, 13 981 50 51 60	<b>Floristería Maru</b> Convento, 9 981 50 75 80	<b>MEyPA Instalacións Eléctricas</b> (Melide)/663 97 22 81	<b>Romero Zapaterías</b> Rda. da Coruña, 29 981 50 53 56	<b>Hormigones Carral</b> Sta. María de Veira, As Travesas, Carral 981 50 50 25	<b>Autoescola Marte</b> Ronda da Coruña, 38 981 50 54 60	<b>Talleres Mejuto</b> Sta. María, Melide 981 50 59 99
<b>Gallega de Cárnicas S.L.</b> Rda. da Coruña, 14 981 81 54 00	<b>Floristería Strelitzia</b> Taboada Roca, 4, baixo 881 81 91 01	<b>Mis mejores labores</b> Rda. da Coruña, 38 981 50 90 85	<b>Salacadula Shop</b> Avenida de América, 3 881 81 94 95	<b>Hormigones Myhnor</b> Pol. Ind. A Madanela, Parcela 30 981 17 36 16	<b>Clínica Dental Ana Marcos Cardo</b> Rda. da Coruña, 31-1º B 981 50 57 05	<b>Talleres Vulcano</b> Pol. Ind. da Madanela (Parcela 22)-654 449 732
<b>Carnicería Cardelle</b> Florentino L. Cuevillas, Baixo /981 50 54 37	<b>Floristería Tarrío</b> Amador Rguez, 7 981 50 61 64	<b>Mobles Ares</b> Rda. da Coruña,62 981 50 55 64	<b>Sanoguera Fotografía</b> A Casilla, 1 - Moldes 622 22 28 10	<b>Marmolería Melide</b> Gosenxe, Ribadulla, Santiso 981 50 55 18	<b>Clínica Dental Karim</b> Rda. Pontevedra, 32 981 50 62 44	<b>SOCIO COLABORADOR</b> <b>Mª Carmen Carreira Simón</b> Rda. da Coruña, 50 - 1º 981 50 52 80
<b>Carnicería Maruja</b> Rúa Peregrino, 1 610 666 704	<b>Frutas Nati</b> Pol. Ind. A Madanela 600 44 80 92	<b>Modista María Luisa Pereiro</b> Rúa Doutor Fleming, 3 -1ºA / 981 50 50 23	<b>Sport Moda</b> Cantón de S. Roque, 38 981 50 76 17	<b>Escavaciones Paradela</b> Ribeiro,s/n 981 50 55 92	<b>Escala 5.9 Espectáculos</b> Melide (A Coruña) 609 923 888	<b>Banco Sabadell</b> Rúa do Convento, 13 981 50 52 50
<b>Carnicería Penas</b> Avda. de Lugo, 35 609 93 91 98	<b>Fucifios Rivas</b> Rda. da Coruña 981 50 50 47	<b>Muebles Paula</b> Crta. Lugo, km 46, 981 50 57 34	<b>Sueños</b> Alexandre Bóveda, 2 981 50 71 87	<b>HOSTALERÍA</b> <b>Bodega Curros</b> Rda. de Pontevedra,18 981 50 59 68	<b>Eva Novás Mato Avogada</b> Rúa San Antón, 5 662 30 26 18	<b>TRANSPORTES</b> <b>Bombes Cabado</b> Pezobrés s/n, Santiso 981 51 77 89
<b>Casa Juanito</b> Mateo S. Bugueiro, 39 981 50 51 03	<b>Funeraria El Mueble</b> Rda. Pontevedra, 2 981 50 50 89	<b>Muxica Tenda Xoven</b> Rúa do Convento, 36 981 50 63 66	<b>Sueños</b> Alexandre Bóveda, 2 981 50 71 87	<b>Casa Alongos</b> Camiño Vello Stgo. s/n 619 22 93 34	<b>Extractores Villamor</b> Cantón de S. Roque, 8 648 25 31 33	<b>María Jesús Vázquez Coego</b> Taxi en Melide 667 682 771
<b>Casa Santos</b> Avda. de Lugo, 8 981 50 53 96	<b>Gasolineira Bocelo</b> Avda. de Lugo 981 50 62 50	<b>Óptica Alain Afflelou</b> Rda. da Coruña, 16 981 50 60 97	<b>Tu Boutik</b> Rda. Pontevedra, 61 881 95 63 94	<b>Café Chaplin</b> Cantón de S. Roque,17 981 50 53 55	<b>Hardgalicia - "R" - Juifi</b> Rúa San Pedro, 16 693 77 88 66	<b>Nutripor S.A.</b> Pol. Madanela, 18-19 981 50 64 70
<b>Centro Comercial Ares</b> Rda. da Coruña, 27 981 50 50 53	<b>Imprenta Meligraf</b> Rúa Galicia, 26 981 50 62 56	<b>Óptica Melide</b> Rúa do Convento, 17 981 50 54 67	<b>Suministros Industriales Cire</b> Pol. Madanela, 22 981 50 79 54	<b>Cafetería M40</b> Cantón de S. Roque, 40 981 50 73 44	<b>Intermax Technology</b> Rúa Folicheiro, 20 902 908 737	<b>Transportes Sierra</b> Pol. Ind. Madanela, parcela 79 981 51 58 18
<b>Cociñas M. Buján</b> Avda. de Lugo, 99 981 50 74 21	<b>Instituto de la Sordera</b> Ronda da Coruña, 34 648 754 761	<b>Óptica Tábor</b> Rda. da Coruña, 20 981 50 51 99	<b>Supermercados Gómez</b> Amador Rodríguez, 3 981 50 70 27	<b>Hotel Carlos 96</b> Avda. de Lugo, 119 981 50 76 33	<b>Meixela, (Centro de Estética) e Tania Arias (Dietista Nutricionista)</b> Rúa Rosaleda, 5, Baixo 639 44 06 88 (Meixela) 683 32 44 11 (Tania A.)	<b>Transportes Zas</b> Palas de Rei 982 18 34 04
<b>Colorín Colorado</b> Rda. da Coruña, 10 881 97 85 60	<b>Intres Fotografía</b> Avda. de Toques, 2 881 97 42 24	<b>Ortopedia Ortosaude</b> Rda. Pontevedra, 16 981 50 78 74	<b>Xoguetería Toysmaniac</b> Rda. Coruña, 36 981 50 51 95	<b>O Mesón de Roberto</b> Rda. Pontevedra, 111 981 93 89 92	<b>Peluquería Coral</b> R/Joaquín Gundín, 7 981 50 53 23	<b>ENXEÑERÍA</b> <b>Javier López López</b> Xosé R. Fdez. Castro, 6 981 50 54 82
<b>Distribuciones Mella</b> Xoán XXIII 981 50 60 68	<b>José Xaneiro</b> Avda. Toques, 57 981 50 53 35	<b>Pasarela</b> Alexandre Bóveda, 10 981 50 59 08	<b>Xoiería Oro Ley</b> Rúa de San Pedro, 14 981 50 54 68	<b>O Tobo do Lobo</b> R/Luis Seoane, 8 981 50 77 73		
	<b>La Frutería de Celia</b> Cantón de San Roque,3 (Baixo)/ 981 50 79 38	<b>Parafarmacia O Cantón</b> Cantón de San Roque-28 Baixo/ 981 937 350	<b>Xoiería Roval</b> Alexandre Bóveda,12 981 50 54 31			

## O Goberno local vai solicitar á Xunta unha depuradora para o polígono

A nova normalidade trouxo hábitos de sempre e semella que nin unha corentena nin unha pandemia van ser capaces de frear as verteduras que se seguen producindo dende o polígono industrial da Madanela, en Melide, ao río Furelos.

O cansazo e o malestar ante esta situación é evidente, tanto que os empresarios do polígono presentaron un escrito no consistorio da vila para esixir solucións. Ante isto, o Concello de Melide convocou un pleno extraordinario para solicitarlle á Xunta de Galicia unha depuradora para o parque empresarial.

Mentres a solución definitiva non chega as verteduras continúan sucedéndose día tras día, tal e como denunciou nun primeiro momento a Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide. O xoves 4 de xuño “un dos traballadores do citado polígono deunos o aviso e enviou a documentación gráfica instantánea”, explicou Xavier Pazo, presidente dos pescadores. “As augas tintadas de branco saían dun dos colectores e deitaban metros máis abaixo mansamente no Furelos”, engadiu.

Como é habitual nestes casos a Asociación de Troiteiros por

medio do presidente avisou ao 112 para que activase o protocolo por contaminación, á Garda Civil, Servizo de Conservación da natureza e á Policía Local que, in situ, comprobaron os feitos.

Tan só 48 horas despois desta denuncia volveuse a producir unha nova vertedura dende o mesmo colector do parque empresarial ao regato de Vimianzo, que desemboca no río Furelos; e dous días despois repetiuse a mesma situación denunciada de novo pola asociación de pescadores local, que xa solicitou unha reunión co alcalde de Melide.

### Denuncia contra o Concello

Despois de desprazar técnicos de Augas de Galicia para inspeccionar as diferentes verteduras procedeuse a “realizar informe de denuncia contra o Concello de Melide” por parte deste departamento adscrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, informaron dende a administración autonómica ao mesmo tempo que lamentaron que se producise un novo episodio de contaminación “xusto no momento en que o río empezaba a amosar evidencias de recuperación”.

Pola súa parte, dende a Con-

sellería de Medio Ambiente comunicaron que se está analizando, “en colaboración con outras administracións implicadas e coas forzas e corpos de seguridade, as posibles medidas que se poden adoptar para evitar que se repitan estes casos”.

Cumpre sinalar que o episodio máis grave en canto a verteduras produciuse o pasado ano dando como resultado a mortalidade de 10.000 troitas.

### O BNG pide responsabilidade a Medio Ambiente

O candidato do BNG pola provincia da Coruña, Xosé Luís Rivas, visitou o lugar onde se produciron as verteduras no polígono industrial de Melide e denunciou que non se tomen “cartas no asunto” por parte da Consellería de Medio Ambiente.

Neste sentido, pediu “responsabilidade á conselleira Ánxeles Vázquez, ex-alcaldesa de Melide, para que abandone a súa liorta política contra o Concello co fin de exculparse da situación. Os atentados contra o medio ambiente e o equilibrio natural son constantes pero non deben quedar impunes”, denunciou o nacionalista. “O



(ATRF)

polígono de Melide –engadiu– non conta cunha EDAR acorde coas súas necesidades e a xustificación da Consellería é que cada empresa ten a obriga de depurar os seus propios residuos”, dixo.

Ademais, Rivas criticou que, “a pesar das denuncias formuladas a Consellería de Medio Ambiente amosa unha actitude como si este problema non fora con ela” e avanzou que “o BNG utilizará todos os medios ao seu alcance para dotar dunha EDAR o polígono industrial de Melide e impedir os vertidos contaminantes”.

### O PP de Melide esixe vixilancia

Pola súa parte, o grupo muni-


cipal do Partido Popular de Melide instou ao Goberno local a que “instale vixilancia permanente no polígono industrial de Melide co fin de detectar se o culpable ou culpables dos vertidos son persoas alleas ás propias empresas implantadas no parque empresarial que están utilizando a rede de saneamento existente para verter indiscriminadamente, ou o problema vén dende dentro”.

Así mesmo, os populares reclamaron que “dende o bipartito local se traballe na liña que o PP deixou fixada hai un ano –en relación a unha auditoría e ao saneamento do río Furelos– e da que non teñen noticias”, apuntaron.

## Melide destina máis de 57.000 euros a gastos sociais derivados do Covid-19

Nun pleno extraordinario e urxente, celebrado no Centro Sociocultural Mingos de Pita para cumprir coas medidas sanitarias esixidas, o goberno local aprobou por unanimidade de todos os partidos políticos o acordo do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal “POS+Adicional 1/2020” da Deputación da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do Covid-19 cunha estimación de gasto por parte do organismo local de 57.402 euros.

Con este aporte económico provincial, o Concello de Melide destinará 6.000 euros ao reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimen-



tación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia. A mesma cantidade estará reservada para o reforzo do persoal dos centros dos Servizos Sociais Municipais e centros residenciais.

O maior montante, un total de 27.615 euros será utilizado para a adquisición por parte do Concello de Melide de material de protección para prever posibles contaxios.

Por último, o Concello des-

tina a cantidade de 17.786 euros para gastos imprescindibles e urxentes, que sexan debidamente xustificadas, para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise sanitaria.

Ademais se ser trasladado ao Centro Sociocultural Mingos de Pita, onde puideron asistir os veciños ata un máximo de 10 persoas, o pleno tamén foi retransmitido en directo a través do perfil oficial de Facebook do Concello de Melide.

## O Concello informa das medidas a tomar en velorios e enterros na Fase 3



O Concello de Melide explicou a través dun Bando da Alcaldía as medidas a tomar no velorio municipal e nos enterros que se produzan na vila durante a Fase 3 da desescalada.

Así, as novidades máis destacadas son que se autorizan os velorios en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, cun límite máximo de 50 persoas en espazos ao aire libre e de 25 persoas en espazos pechados.

Este bando municipal establece a participación na comitiva para o enterramento ou despedida, para a crema-

ción da persoa falecida restrínxese a un máximo de 50 persoas, entre familiares e achegados, ademais, de ser o caso, do ministro do culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto.

En todo caso, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do Covid-19, relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade de dous metros, hixiene de mans e etiqueta respiratoria.



- Terraza cubierta
- Pedidos para llevar
- Hamburguesas de 200gr. con pan artesano
- Menú infantil a 5'50 €
- Postres frescos gallegos artesanos

Además de nuestras tradicionales tostas, tortillas y sartenadas **TODO HECHO AL MOMENTO**

C/Gaiteiros Os Garceiras nº1, Melide  
Tlf.: 881 95 70 74

## **B** Bodegas CURROS Restaurante - Pulpería

Bacalao  
Pulpo  
Carne "O Caldeiro"  
Jamones  
Embutidos Ibéricos y País  
Terraza interior y exterior  
Comida para llevar



Ronda de Pontevedra, nº 18, Melide  
Tlf.: 981 50 59 68 / bodegascursos@hotmail.es

## RESTAURANTE - PARRILLADA **PILMAR**



- **AMPLA ZONA DE TERRAZA**
- **XARDÍN DE VERÁN**
- **ESPECIALIDADE EN CARNES Á BRASA**

Santa María, s/n - Melide

Tlf.: 981 50 76 17

## BAR - PARRILLADA **CARBURO**



- **Ampla zona ao aire libre**
- **Pedidos para levar de churrasco**
- **Pedidos para levar de polo asado (reservándoo con dous días de antelación)**

Villamor (Toques) - Tlfs.: 981 50 49 07 - 616 09 81 56  
E-mail: parrilladabarcaburo@gmail.com

## “En Melide urxe moito un grupo de emerxencias en boas condicións, ou un pequeno parque de bombeiros”

Juan Carlos Curros, responsable de Protección Civil Melide, fai balance do traballo desenvolvido dende a agrupación durante o período de confinamento

Estamos tan acostumados a escoitar esas dúas palabras que moitas veces nin somos conscientes do que significan, “Protección Civil”: protexer ao civil, ao cidadán. A iso se dedican os membros deste colectivo, a protexer aos cidadáns de forma totalmente altruísta. Dende a súa creación xogaron un papel fundamental na sociedade e en tempos de pandemia, aínda máis se cabe.

Juan Carlos Curros Vázquez é o responsable de Protección Civil en Melide, agrupación na que leva nada máis e nada menos que 27 anos. Tamén a el a alerta sanitaria do Covid-19, o estado de alarma e os sucesivos acontecementos sorprendérono fóra de xogo. “Pillounos un pouco cambiados de pé, por así dicilo, non sei se consideralo como unha experiencia, porque experiencias en Protección Civil hai máis ben malas que boas”, explica.

**“Foron días moi duros, porque á parte do coronavirus e aínda que a xente estaba confinada tamén nos xurdiron outras emerxencias”**

O seu labor, xunto cos demais membros de Protección Civil, foi imprescindible especialmente durante os días de confinamento máis estrito. Achegaron alimentos e medicinas á xente máis necesitada e tamén realizaron traballos de desinfección en todos os lugares, dende o centro médico ata as entradas dos colexios sen esquecer o medio rural. Días de traballo continuo e sen descanso. Días nalgúns casos difíciles. “Foron días moi duros... moi duros, porque á parte do coronavirus e aínda que a xente estaba confinada



Juan Carlos Curros é o responsable de Protección Civil de Melide, servizo que leva prestando 27 anos

tamén nos xurdiron outras emerxencias; algún accidente de tráfico, atropelos a algún animal, animais que escaparon das fincas e claro, estabamos para unha cousa e para a outra. A verdade é que houbo días moi, moi difíciles”. Con todo, afirma Juan Carlos sen dudar un segundo, en ningún momento pensaron en tirar a toalla, “iso nunca, despois de 27 anos xa un está curtido”.

### Unha situación inimaxinable

Pese a que están preparados e formados para atender diferentes emerxencias, Juan Carlos recoñece que nos seus case trinta anos de servizo en Protección Civil nunca se imaxinou que tería que facer fronte a unha situación como a que estamos vivindo. “Sempre escoitas que hai que ir preparándose, que pode vir unha epidemia... algo así, pero nunca te pos a pensar ou imaxinar que efectivamente teñas que estar dous meses e medio confinado e que haxa que gardar as distancias como as temos que estar gardando na actualidade; é unha situación

que nunca imaxinas ata que chega”.

**“Sempre escoitas que hai que ir preparándose, que pode vir unha epidemia... algo así, pero nunca te imaxinas que terás que estar dous meses e medio confinado”**

Mais dentro do inédito da experiencia, houbo malos momentos pero tamén bos. “Os mellores días foron cando ías a visitar á xente maior e lles levabas as medicinas, os alimentos; estabas un anaquiño falando con eles, iso foi o mellor. E o peor, moitas veces a impotencia de non poder facer nada. Tivemos algún caso aquí no que por desgraza non puidemos facer nada, iso si que foi o máis difícil; incluso nos

enterros cando os familiares non se podían despedir dos seus seres queridos. Iso si que foi duro”.

Unhas xornadas máis complexas que outras nas que por encima de todo Juan Carlos agradece as mostras de cariño recibidas e destaca o bo comportamento de todos. “É certo que había moito medo tamén, pero a xente portouse de marabilla. Lémbrome de casos nos que che dicían, “mira nenho, non subas aquí a ver se che vou contaxiar, déixame aí as cousas que xa as subo eu”; é dicir, eran eles os que tiñan medo de contaxiarnos a nós, cando a nosa preocupación era non contaxialos nós a eles. Así que xa che digo, o comportamento dos veciños moi ben”.

Neste senso, dende Protección Civil destacaron que dende o primeiro momento contaron con todas as medidas de protección para poder facer fronte á situación, “tanto mascarillas, como guantes e hidroxel”.

### Falta de persoal e petición dun grupo de emerxencias en condicións

Consciente de que se trata dun

traballo totalmente voluntario e altruísta, Juan Carlos recoñece que cada vez é máis difícil contar con persoal. “De 76 voluntarios que chegamos a ser hai uns 20 anos, agora practicamente estamos sete nada máis”, di, e loxicamente o seu traballo tamén se viu minguado.

**“O peor foi a impotencia de non poder facer nada moitas veces, iso si que foi difícil; incluso nos enterros cando os familiares non se podían despedir dos seus seres queridos, iso si que foi duro”**

Se nos seus inicios, cando se creou a agrupación, chegaron a xestionar “o que é a zona toda de Coruña e practicamente Lugo tamén contando incluso co primeiro equipo de excarceración da zona”, coa chegada dos GRUMIR (Grupos Municipais de Intervención Rápida) e máis tarde os GES (Grupo de Emerxencia Supramunicipal) as agrupacións de Protección Civil foron desaparecendo. “Despois xa montaron o parque de bombeiros en Arzúa, e a raíz de aí xa comezamos a ter menos traballo; pero antes chegabamos a Teixeira, Curtis, Oza dos Ríos, pola zona de Antas de Ulla, Monterroso, Palas... algo impensable agora mesmo cando estamos baixo mínimos en número de voluntarios”.

Reflexionando sobre a escaseza de persoal, Juan Carlos Curros lanza unha mensaxe ás administracións competentes na materia para que Melide dispoña dun grupo de emerxencias en condicións. “Penso que en Melide urxe moito un



grupo de emerxencias en boas condicións, ou un pequeno parque de bombeiros, porque é certo que nós estamos para apoiar en todo, pero hai moitas veces que os bombeiros de Arzúa non dan chegado, levan unha zona moi ampla e están a uns 20-25 minutos do casco urbano de Melide; pero se pasa algunha cousa nunha aldea xa sería máis tempo”.

“Creo que un pobo como Melide, de 7.000 habitantes, necesita xa un grupo de emerxencias estable, con seis persoas mínimo para facer os turnos de 24 horas”

“E non só iso, xa non é o tempo senón que poden estar atendendo outra intervención.



Voluntarios de Protección Civil repartindo alimentos durante o confinamento en Melide (Foto: P.C.)

Non hai moito por exemplo produciuse un incendio nunha vivenda en Melide e os bombeiros de Arzúa estaban en Teixeira. Por iso é imprescindible o noso labor, pero tamén é imprescindible que o poidamos facer ben. A ver se quen

ten as competencias se dá conta de que Melide é unha zona que está descuberta, desprotexida, que para nós coa pouca xente que temos agora mesmo énos moi difícil dar unha resposta axeitada. Penso que un pobo como Melide, de

7.000 habitantes, necesita xa un grupo de emerxencias estable con 6 persoas mínimo para facer os turnos de 24 horas”.

De non facerse realidade esta petición, Juan Carlos ve “difícil” que se poida garantir o futuro da agrupación en Me-

lide. “Véxoo difícil, moi difícil, porque é un traballo totalmente voluntario, sen soldo e que necesita de tempo, mais iso si –destaca–, cunha parte extremadamente gratificante que é o feito de poder salvar unha vida despois de facer ben o teu traballo e de xeito efectivo”.

“O máis gratificante de todo é o feito de poder salvar unha vida facendo ben o teu traballo e de xeito efectivo”

Para formar parte da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Melide tan só é preciso poñerse en contacto con Juan Carlos para manter unha pequena entrevista, facer o curso básico de Protección Civil na Estrada e, por suposto, “ter ganas de traballar e boa vontade para facelo”.

> Participa cos tickets de compra de +10 euros nos establecementos asociados do 17 ao 19 de xuño 2020.

> Envía unha fotografía do ticket por email a [diasbrancosmelide@gmail.com](mailto:diasbrancosmelide@gmail.com) e recibirás o teu número para o sorteo.

> Non hai límite de participacións: por cada ticket de compra hai unha nova oportunidade de gañar premio.

> Os sorteos iníciense o 23 de xuño e comunicaranse polas redes sociais.

**SORTEO DE 4 PREMIOS:**

- 1 Lote de queixos (valorado en 100€)
- 1 Estancia en balneario con circuito spa para 2 persoas (valorado en 150€)
- 1 Cea ou comida (valorado en 100€)
- 1 Vale de compra de 150€



17, 18, 19 xuño 2020

## Rematou a temporada para o CIRE

Incerteza. Esa pode ser a palabra que resume moi ben o sentir da xente do deporte e, neste caso, do fútbol en Melide. O CIRE xa rematou a competición, ao igual que todos os equipos de categoría autonómica, e agora toca, por un lado, esperar acontecementos (regreso aos adestramentos, principio da competición a temporada que vén...) e, por outro, poñerse a traballar pensando en que se vai poder xogar e adestrar, antes ou despois. “Así o desexamos todos e todas” apuntaron dende o club.

E nesas están agora mesmo no CIRE. Logo de ter unha reunión recentemente a xunta directiva “e rematar flecos da temporada que acabou, toca falar cos xogadores do primeiro equipo, cos técnicos, e tamén contactar cos rapaces e rapazas das categorías base para ir vendo cales son as sensacións e intencións duns e outros”.

Destacar que esa reunión da directiva “resultou moi positiva” e, a pesar de que coñecen as “dificultades que poida ha-



Plantilla do equipo cadete do CIRE, campión invicto da 2ª Autonómica-Santiago (Foto: CIRE)

ber a temporada que vén, desde o punto de vista económico e deportivo polas circunstancias actuais”, a predisposición a “traballar máis que nunca” está aí e están seguros de sacar o traballo adiante.

### Balance

Case 150 xogadores e xogadoras formaron parte dos diferentes equipos do CIRE esta temporada. “Todos eles defenderon as cores do club moi dignamente e, o que é máis importante, con deportividade

e corrección”. Os resultados deportivos foron, como case sempre, dispares, “pero este ano podemos dicir que a canteira estivo á altura e brillou, nuns casos máis, noutros menos”. “Por riba de todo temos que destacar o título dos nosos

cadetes, que remataron invictos a competición, moi destacados na clasificación. O Xuvenil ou o Infantil “A” tiñan opcións de xogar polo ascenso, pero truncáronse coa paralización da competición”.

A aposta polo equipo sénior era forte, con xente nova de Melide e da comarca, ademais do empuxe dos xuvenís e a experiencia dalgún xogador curtido en mil batallas. Sen embargo, os resultados non acompañaron e a irregularidade marcou a temporada. Aínda así, con algunha posibilidade de xogar o play off de ascenso deuse por finalizada a competición e desvanecéronse as escasas opcións que había.

Por último, desde a xunta directiva quixeron agradecer, “máis ca nunca, o esforzo dos pais, nais e xogadores, o traballo dos adestradores, o apoio do Concello, dos patrocinadores e colaboradores, así como dos socios e socias. Sen todo iso, o proxecto do CIRE non sería viable”. E prometen “máis traballo, esforzo e ilusión para a vindeira temporada”.



### ≡ PATROCINADORES ≡



**CONCELLO DE MELIDE**



**A Garnacha Pulperia**



**Anic DIFUSION**  
comunicación gráfica



**Chiquitín**



**TERRA DE MELIDE**  
QUEIXOS



**softee**  
JIM SPORTS



**Roval JR**  
JOYERÍA



**YETHI**  
CARBURANTES



**Café-Bar BREOGÁN**



**CAFETERIA SOLAINA**

## A casa do maior en Santiso tamén está á espera de poder reabrir

É o colectivo que máis acusou a pandemia do Covid-19, o dos maiores, e agora na desescalada co previsible atraso na apertura dos centros de día tamén.

Na mesma situación na que están os centros de día atópanse as casas do maior, como a de Santiso, que permanece coas portas pechadas e sen poder dar servizo; unha carencia que prexudica directamente as súas usuarias, tal e como explica a responsable do centro, Esther Sánchez.

“O confinamento foi unha experiencia moi dura para elas, xa o foi para nós, pois imaxínate para os maiores – di –, que de golpe viron interrompidas as súas rutinas, as actividades que facían cada día”.

E é que segundo apunta Esther, a falta duns hábitos diarios, sobre todo neste colectivo, non favorece a súa saúde, nin física, nin mental. “As rutinas son moi boas para eles, é unha ansia que teñen, e se non teñen ilusión por nada nin se distraen con nada pois a situación acábase facendo máis dura; precisan exercitarse, facer a súa ximnasia de mantemento, actividades de lectura e escritura, e todo iso quedou aparcado con esta situación”.

Con todo, as perspectivas de cara a unha próxima apertura non son favorables. Dende o Goberno galego xa comunicaron por carta o adia-



mento na apertura dos centros de día para o outono. Así, nunha carta remitida ao sector o pasado 29 de maio, dende a Xunta de Galicia informaban que “tras escoitar tanto aos representantes do sector como á comunidade médica” tomouse a decisión de que “os centros de día e os centros ocupacionais non retomen a súa actividade ata o mes de setembro. Polo momento, entendemos que non hai a seguridade suficiente para que as usuarias e usuarios dos centros de día compartan espazos durante un tempo tan prologando”, reza o escrito.

A solución a esta situación foi unha achega de “500 euros ao mes para cubrir a atención domiciliar das persoas maiores ou con discapacidade usuarias destes centros mentres permanezan sen actividade”.

Non obstante, nunha das súas últimas comparecencias o presidente da Xunta, Al-

berto Núñez Feijóo, aludiu á posibilidade de abrir estes centros antes de setembro, sempre en base a “criterios sanitarios”.

Mentres se resolve a situación e tamén á espera do protocolo de actuación, Esther prepara xa as instalacións. “Hai que transmitir unha mensaxe de tranquilidade e seguridade, xa antes hixienizaba absolutamente todo, para canto máis agora, que traballamos cun colectivo de moito risco. Os protocolos ás veces parécenos unha tonteira, pero son moi necesarios para evitar contaxios”.

En relación a isto, Esther insistiu na necesidade de estudar cada caso pois “por exemplo a unha persoa con demencia severa a ver como lle fas utilizar a mascarilla”. Mentres tanto, a distancia de seguridade e a desinfección e limpeza preséntanse como os grandes aliados para o sector.

## Lixeiro descenso do paro

O paro na comarca descendeu lixeiramente ao remate do mes de maio. Así, na Terra de Melide hai 6 persoas desempregadas menos con respecto ao mes de abril, o que supón un total 612 parados en toda a comarca (618 persoas ao remate do mes de abril).

Non obstante, se comparamos os datos co mesmo mes do ano anterior, a finais de maio de 2019 a cifra total de parados na comarca da Terra de Melide era de 534 persoas.

Por Concellos, en Melide hai 417 persoas desempregadas (dúas menos con respecto ao mes de abril), en

Santiso 79 (unha persoa menos), en Sobrado 67 (único municipio no que se incrementa a cifra cunha persoa desempregada máis), e en Toques 49 persoas sen emprego (4 menos que ao remate do mes de abril).

Por sectores, o peor resultado continúa sendo para o sector servizos, cun total de 388 persoas desempregadas, seguido polo sector da construción e da industria con 70 persoas sen emprego respectivamente. En agricultura e gandaría a cifra de parados é de 40 persoas. As 44 persoas restantes do total de 612 parados na comarca xa figuraban sen emprego anteriormente.

## Loita contra incendios

Grazas a un convenio de prevención e defensa contra incendios forestais subscrito entre a Consellería de Medio Rural e os Concellos de Melide e Toques, estes municipios contarán con diferentes equipos para levar a cabo o seu traballo.

No caso concreto de Melide disporán de tres brigadas cun total de 15 compoñentes, e unha motobomba; mentres que Toques contará cunha brigada de 5 compoñentes.

Estas brigadas municipais levarán a cabo tamén traballos de prevención e de limpeza de espazos de risco nos concellos e colaborarán co resto dos equipos doutras administracións na loita contra o lume.

Pola súa parte, o Concello de Santiso financiará con fondos do Plan Único da Deputación da Coruña a compra dun tractor destinado a labores de prevención e extinción de incendios forestais no municipio.

Cun orzamento de 48.400 euros, case 42.560 son achegados pola Deputación a través dos fondos adicionais do POS+2019, e algo máis de 5.840 son fondos propios do Concello de Santiso.

O tractor destinarase á roza e acondicionamento de parcelas municipais, camiños, etc, que representen un risco de incendio polo crecemento de maleza. No caso dun incendio, o tractor deberá estar preparado para a realización de cortalumes.

## Campaña nas redes sociais para promover os territorios do GDR

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo puxo en marcha a iniciativa Camiños de Auga; unha campaña coa que pretenden poñer en valor o interior de Galicia, especialmente os territorios que integran o GDR e entre os que se atopan municipios como os de Melide, Santiso e Toques.

Segundo anunciaron, trátase de “poñer en valor os recursos paisaxísticos, patrimoniais e gastronómicos do territorio, facendo énfase no turismo rural e de natureza” a través das redes sociais.

A campaña, que comezou o 8 de xuño, terá unha duración

de dous meses e está dirixida a persoas “con interese por gozar dunhas vacacións na natureza, nun entorno seguro, sen aglomeracións, e nun territorio no que os Camiños de Santiago e os ríos Ulla, Tambre e Mandeo ofrecen unhas paraxes moi atractivas para gozar coa familia, cos amigos ou en solitario”.

Deste xeito, orientarase a persoas “residentes en Galicia e no norte de Portugal, de 20 a 70 anos”, sexa en familia ou non, “interesadas no turismo rural, sendeirismo, cicloturismo, cámping, caravaning, gastronomía, turismo de natureza e patrimonio relixioso”.

Co nome de Camiños de

Auga quíxose “identificar o territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo, porque recolle os aspectos máis significativos do mesmo; por un lado, os Camiños de Santiago como evocador do contacto coa natureza; e, polo outro, a auga como símbolo da riqueza que aportan os tres ríos que bañan o territorio e que ofrecen uns recursos alternativos á costa, nos que a seguridade nesta época de pandemia pola Covid-19 é unha garantía para poder gozar dunhas vacacións en contacto coa natureza e descubrir paraxes e vivir experiencias que resultarán inesquecibles”.

## Tala forestal e recollida de lixo

A través dun Bando o Concello de Toques informou que “os titulares de parcelas que vendan madeira terán a obriga de solicitar do comprador o correspondente permiso municipal e xustificante da fianza para, de ser o caso, responder dos danos que se poidan ocasionar con motivo dos traballos de corta e saca”.

Esta obriga vén motivada ante o incumprimento sistemático da correspondente ordenanza municipal pois, segundo recolle o Bando, as empresas fan caso omiso das

advertencias sobre esta norma.

Noutro Bando, dende o Concello de Toques lembran aos veciños que ata que se organice “unha nova recollida de enseres e electrodomésticos en desuso (posiblemente no último trimestre do ano), aqueles que teñan a necesidade de que se recollan con urxencia poden avisar no Concello para pasar a retiralos” (981 50 58 26).

O obxectivo, evitar que se tire o lixo en calquera lugar e se produzan vertedoiros incontrolados.

## Á espera de poder volver a adestrar, o Club Melide Fútbol Sala traballa na formación de novos equipos

A pandemia do Covid-19 tamén paralizou a competición do Melide Fútbol Sala. Agora, tras manter unha reunión coa Concellaría de Deportes do Concello de Melide, o club trata de recuperar pouco a pouco o seu ritmo.

Así, Javier Vázquez, do Melide Fútbol Sala, informou de que están á espera de recibir os protocolos para poder volver a adestrar co obxectivo de formar máis equipos. “O que é esta temporada xa a demos por rematada, tiñamos previsto a finais de maio celebrar a final da copa a nivel galego de rapaces e nada, todo o mes de xuño facer probas para confeccionar máis equipos de cara ao ano que vén e tampouco, e tamén iamos celebrar un torneo o 27 e 28 de xuño que tamén quedou suspendido”.

O que si se organizou foi un curso de monitores de fútbol sala online que se iniciou o 25 de maio e que rematará o 21 de xuño, o que permitirá dispor de catro monitores máis no

Melide Fútbol Sala, de aí a idea de facer máis equipos. “Agora que imos ter monitores o que queremos é, se conseguimos xuntar xente suficiente, facer equipo biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete, e tamén intentar facer un equipo feminino e outro sénior; cantos máis mellor para que o fútbol sala en Melide siga medrando”.

Para isto, trala reunión mantida co Concello de Melide e mentres agardan a recibir o protocolo para poder volver a adestrar, dende o Club Melide Fútbol Sala xa fixeron un chamamento a todas aquelas persoas que estean interesadas en formar parte do club nas distintas categorías, que van dende os 4 anos ta a categoría sénior, para que se poñan en contacto coa entidade a través do número de teléfono 629 742 748, preguntando por Javier. “Non sabemos como será a seguinte temporada, pero coa pasada estamos moi contentos porque houbo moi boa

acollida e moi bo ambiente no pavillón”, destacou Javier.

Na actualidade compoñen o Club Melide Fútbol Sala 36 rapaces que conforman as tres categorías de biberón, benxamín e alevín.

### Inicio de temporada

Sabedor de que “todo depende do goberno e do que decida a Federación”, Javier Vázquez agarda que a temporada para o Melide Fútbol Sala comece no mes de outubro; “iso si, se todo vai ben –di–, e comezar a adestrar a mediados de setembro”. O que non lle falta é “ilusión e ganas” para “continuar traballando e atraendo espectadores ao pavillón de Melide”.

Xa por último, dende o Club Melide Fútbol Sala quixeron apelar “á colaboración económica das empresas, por mínima que sexa, para patrocinar os equipos e poder seguir facendo o que máis lle gusta aos rapaces, que é xogar o fútbol sala”.

## Melide non celebrará as festas na honra á Virxe do Carme

Este ano non se celebrarán as festas na honra á Virxe do Carme en Melide, previstas para mediados de xullo, por mor da pandemia do Covid-19.

Así o transmitiu a presidenta da comisión de festas, Minia Vales Mendoza, nun comunicado aos veciños que di o seguinte: “A Comisión de festas da Confraría de Nosa Señora do Carme do Castelo (1741), por responsabilidade, pon en coñecemento de todo o pobo e comarca de Melide que, este ano non se poderán celebrar as festas na honra á Virxe do Carme debido ás recomendacións e indicacións das autoridades sanitarias ante a pandemia do Covid-19. En particular faise mención aos confrades, devotos e colaboradores que axudan para que

todos os anos se celebren estas festas tan familiares”, agradece.

As festas do Carme, tal e como explican na misiva, “víñanse celebrando dende o ano 1973 sen interrupcións”, polo que desde a comisión de festas quixeron facer chegar a todos que seguirán “traballando para que o ano que vén se poidan celebrar as festas como se facían antano”.

Dende a organización tamén lamentaron “as grandes perdas ocasionadas en hostalería, comercio e demais sectores este ano” debido á situación; perdas que intentarán “resarcir o próximo ano”. Así mesmo, enviaron unha mensaxe de “ánimo para afrontar a situación” e responsabilidade e colaboración “par avanzar adecuadamente”.

## “Nomes galegos para crianzas”

O Concello de Melide, a través da súa Concellaría de Normalización Lingüística presentou de xeito online o libro “Nomes galegos para crianzas. Orixe e Significado” escrito por Joaquim Vázquez, técnico da mesma área.

A edición deste libro forma parte dunha campaña de normalización lingüística que ten como obxectivo incrementar os nomes en galego na Comarca da Terra de Melide e que pretende diferenciarse dos grandes dicionarios onomásticos galegos, xa que recolle nomes que só teñen formas en galego.

Ademais, a difusión da obra incorpora dúas partes; unha primeira na que se achegará o libro ao servizo de matrona do centro de saúde de Melide para entregar a todas as futuras nais e futuros pais; e unha segunda na que se preparará unha cestiña na

que tamén se incorporará o libro dos nomes para que as familias teñan a opción de elixir un nome en galego para os seus fillos e fillas.

A obra de Joaquim Vázquez está feita dende unha óptica comarcal da Terra de Melide onde predominan os nomes rematados en –ao e en –eo, xa que tal e como explicou o autor “foneticamente falando son características da nosa área dialectal”.

A presentación do libro “Nomes galegos para crianzas” formou parte da programación do día das Letras Galegas que o Concello de Melide preparou para este ano. Ao non poder organizarse actos con público debido á crise do Covid-19, realizouse como unha presentación online a través da páxina de Facebook da institución local.

## O sector do ocio busca alternativas para ofrecer conciliación ás familias

Se nos paramos a reflexionar seguro que non atopamos un só sector que non se vise afectado pola alerta sanitaria do Covid-19; uns en maior medida e outros menos, pero case todos.

Agora, coa chegada do verán batemos de fronte con un dos máis prexudicados, o do lecer e da animación. Son moitas as familias que non dispoñen de recursos para conciliar porque as escolas infantís están pechadas, os campamentos suspendidos ou aprazados, e as actividades de lecer no aire.

“Fomos un sector bastante esquecido –explica Laura Blanco, responsable de Xanela Ocio e Animación en Melide–, ninguén nos mencionaba e polo tanto non sabiamos cando empezar a traballar nin en que condicións; e a verdade é que a día de hoxe aínda seguimos á espera, a pesar de que xa sabemos que coa Fase 3 xa podemos saír”.

Laura Blanco forma parte dun grupo, xunto con máis de 130 empresas de toda Galicia do sector do ocio, no que tratan de ir resolvendo dúbidas e trazar as liñas a seguir ante unha posible volta ao traballo. “Sabemos que podemos empezar co tema das actividades infantís e xuvenís, cumprindo sempre as medidas de seguridade regulamentarias, pero persoalmente creo que esas medidas e o tema de campamentos por exemplo non van moito da man; máis que nada porque o que sería a esencia do campamento pérdese”.

Máscaras de protección, xeles desinfectantes, distancia de seguridade, menos nenos por monitor, nada de compartir materiais... todas estas medidas fan, ao entender desta profesional do sector, que se perda a identidade e o significado dos campamentos. “Xogos, dinámicas, a interacción entre os nenos, compartir, todo iso que se facía parece

que este ano non vai poder ser como tal”.

### Na busca de alternativas

Ante a suspensión nalgúns casos dos campamentos de verán por parte dos concellos, dende as empresas de animación traballan agora na busca de solucións alternativas. “As familias precisan conciliar e estámolles quitando servizos básicos e esenciais como foi o cole no seu momento e agora os campamentos; por iso pensamos en alternativas como poden ser monitores a domicilio con grupos máis reducidos ou, no canto de campamentos, unha especie de escola de verán”.

Neste senso Laura explica que serían actividades moito máis dirixidas para evitar o contacto e a interacción entre os nenos realizando así un control moi máis exhaustivo; “pero non poderíamos chamarlle campamentos como tal”, di.

## “Liberdade de Ser e Sentir”

A Deputación da Coruña, a través da área de Igualdade, iniciou unha campaña de sensibilización de cara á celebración o vindeiro 28 de xuño do Día da Diversidade Sexual. Nela participan 54 concellos da provincia, entre

os que se atopan os de Melide e Santiso.

“Liberdade de ser e sentir!” é, de novo, o lema da campaña coa que se busca reivindicar e concienciar arredor do dereito á liberdade sexual e á tolerancia das persoas.

## O campamento romano da Ciadella, en Sobrado, renace baixo a vexetación

A intervención arqueolóxica para afondar no coñecemento deste asentamento militar do século II prolongarase dez meses

Despois de tres meses de intervención arqueolóxica, o campamento romano da Ciadella, en Sobrado dos Monxes, comeza a renacer baixo a vexetación. Desde o pasado 2 de marzo, un equipo de arqueoloxía e conservación-restauración da Universidade de Vigo desenvolve un proxecto que, impulsado pola Xunta de Galicia, pretende afondar no coñecemento deste asentamento militar construído no século II despois de Cristo.

“Logo de dous meses de traballo, cun parón de tres semanas pola pandemia do Covid-19, xa se aprecian os importantes avances dos traballos da fase de escavación”, sinalou Adolfo Fernández, director do proxecto e membro do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT) da Universidade de Vigo.

O proxecto, no que o Go-

verno galego inviste preto de 240.000 euros, abrangue investigación, novas escavacións e tarefas de conservación-restauración cunha duración total de dez meses.

Polo que respecta ás escavacións que se están desenvolvendo na actualidade, tiñan unha duración de tres meses, desde marzo ata maio, aínda que as novidades e o parón provocado polo Covid-19 van facer necesario prolongalas ata mediados de xuño.

Nelas participan doce persoas, técnicos e auxiliares de arqueoloxía, contando o proxecto coa participación dos membros do GEAT e o profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense Fermín Pérez, Susana Reboveda e Ladislao Castro.

### Dúas fronteiras de traballo

As escavacións concéntranse no edificio 1-2 mentres que no

chamado edificio 4 do xacemento a intervención consiste nunha limpeza e nunha reescavación dos niveis xa intervidos nos anos 90 do século pasado para proseguir cunha importante restauración dos restos arqueolóxicos.

Así por exemplo, na zona do edificio 1-2 os traballos permitiron que o equipo da Universidade de Vigo detectase “unhas importantes fases de reocupación civil do xacemento datadas a finais do século IV e outra posterior, xa do século VI en diante, que inclúe unha zona de necrópole posiblemente das épocas tardoantiga e altomedieval que non era coñecida en toda a súa extensión. Algunhas delas conservaban parte do cadaleito de madeira polo que a súa escavación está sendo moi complexa”, sinalou Adolfo Fernández.

Logo da escavación e rexistro



Fotos: X.G.

será o momento da fase de posta en valor cunha completa intervención de conservación e restauración co obxectivo de que este complexo xacemento, que pervive desde o século I ata o século XII, sexa comprensible para os futuros visitantes.

Todas as actividades de difu-

sión con alumnado, charlas e actividades divulgativas atópanse adiadas ata que o estado de alarma provocado polo Covid-19 permita que se poidan desenvolver. Porén, a información e as novidades do avance do proxecto pódense seguir diariamente nas redes sociais.

*Suave. Cremoso. Nutritivo.*

# Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzuu-ulloa.org  
Tfno. e fax: 981 50 76 53






## Audición en tempos de Covid-19



Instituto de la Sordera comeza coa súa campaña de verán de revisión auditiva gratis, agora que parece que as cousas empezan a normalizarse un pouco. Pero loxicamente, e como lle pasou a todos, a situación derivada da pandemia do Covid-19 tamén nos pillou un pouco desprevidos. No noso caso nunca pechamos de todo porque por lei, ao ser establecemento sanitario tiñamos que dar servizo.

Agora implantamos xa todos os novos protocolos e normativas esixidas tanto por Comercio como por Sanidade, pois é lóxico que nun centro sanitario nos preocupe, aínda máis se cabe a saúde dos nosos pacientes, pero igualmente nos preocupa a saúde e a seguridade dos nosos traballadores, por iso contan con todas as medidas de protección sanitarias.

Pero sobre todo, e máis nestes tempos, hai unha cousa curiosa que me gustaría destacar. Se eu fose unha persoa que ten un problema de audición, cando estivese falando con outra persoa o primeiro que faría sería fixarme nas súas expresións, na cara e sobre todo nos labios. Máis que nada porque cando perdemos o sentido do oído a primeira cousa que agudizamos instintivamente é a lectura labial, por esa necesidade que temos de intentar entender que é o

que nos están dicindo. Que pasou con isto? Que ao ter que empregar as mascarillas atopámonos con un problema engadido porque non podemos ver, observar e entender o que outra persoa nos está dicindo.

Hai que comprender que o problema da audición moitas veces non é o feito de non oír, senón o feito de non entender, e o uso obrigatorio das mascarillas está facendo que este problema agudice aínda máis o illamento das persoas que padecen perda de audición; e é que a persoa que non oe, que non entende, acaba por illarse no seu mundo.

A isto hai que sumar o carácter agresivo que amosamos ás veces. Non temos a paciencia suficiente como para entender o que lle pasa a unha persoa que perdeu audición, porque se trata dun problema que non se ve; é unha minusvalía que non se percibe. Se a unha persoa que non oe aínda lle berramos máis non lle estamos axudando, por iso é habitual que acaben optando por illarse socialmente.

Por todo isto é moi gratificante facer o noso traballo, porque nos toca facer esa especie de milagre que é que a persoa que non oe volva a oír. E ademais tendo en conta que a tecnoloxía neste ámbito avanzou moito; de feito os audífonos de agora non se parecen en nada aos de antes.

Neste senso, se hai algo que destacar é que no último ano os audífonos, coa nova tecnoloxía, permitíronnos a través dunha vídeo chamada sincronizarnos directamente co audífono do paciente, de forma que durante o confinamento por exemplo, a todos os pacientes que tiñamos adaptados con esta tecnoloxía puidémos-

lles facer o seguimento, axustes e, dalgunha forma tamén, acompañalos na distancia.

Foi unha forma de achegarnos a eles, ver como estaban e ao mesmo tempo ocuparnos de seguir facendo a terapia que teñen que facer para a adaptación. Foi un gran reto, porque tivemos que modernizarnos nós e tamén os nosos

pacientes, pero foi moi gratificante poder empregar a tecnoloxía ao noso favor tamén no campo da audición.

Xa para rematar, resaltar que durante esta campaña de verán que se fai dende Instituto de la Sordera tamén se lle regalará a cada paciente a súa correspondente mascarilla.

**Jesús Luaces**

## O Cerne de hai 15 anos



# Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M.). Nº 7. 15 de xuño -15 de xullo de 2005. Distribución gratuita. Tamén en Internet: [www.asetem.com](http://www.asetem.com)

### As palabras de Blanco provocan reaccións entre os empresarios

O Secretario de Organización do PSOE asegurou que a autovía pasaría por Melide grazas á súa xestión e á colaboración dun veciño de Melide amigo seu

*O socialista José Blanco ofreceu un mitin en Melide o día 11 de xuño. Nel afirmou de xeito tallante que "lo de la autovía está arreglado" e atribuíu o mérito ao seu propio traballo no goberno central e á axuda dun "amigo mío" de Melide. Estas palabras non foron do agrado de todos os allí presentes.*

Pax. 8



### O bo tempo dos primeiros días de xuño deu a Furelos un aspecto de verán

Moitos melidenses animáronse estes días a achegárense ata a praia fluvial

*Así como a neve foi a protagonista en Melide do cambio de mes de febreiro a marzo, o sol e as altas temperaturas caracterizaron o paso de maio a xuño. Máis de 30 graos marcaban os termómetros na vila durante os primeiros días do mes de San Xoán, circunstancia que facía factible a imaxe da fotografía. Biquinis, refrescos no bar da área recreativa de Furelos e, incluso, os primeiros atrevidos mollaron os pés no río.*

### UXT desconvoca a folga de lixo anunciada para xuño

Redacción Melide

O sindicato representante dos traballadores de Celta Prix anulou a folga indefinida anunciada para o 13 de xuño, xa que os responsables da empresa ingresaron nas contas dos traballadores as cantidades adebedadas trala sentenza, favorable aos empregados, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pax. 13

### O Contencioso obriga ao Concello de Melide a pagar intereses a unha empresa

Redacción Melide

Algo máis de 12.000 euros de intereses por demora no pagamento e asumir as costas do xuízo. Ésta é a condena imposta polo Xulgado do Contencioso nº 2 de A Coruña ao Concello de Melide. Unha empresa melidense, contratada pola institución municipal para a realización dunhas obras, denunciou ao Concello por negarse a pagar os intereses derivados da demora no pagamento destas obras, de entre tres e trece meses.

Pax. 5

Recuperamos sección. O pasado mes de decembro Cerne cumpriu 15 anos e co obxectivo de conmemoralo e facer un percorrido polas novas máis destacadas da patronal, de Melide e da comarca creamos este pequeno apartado onde imos compartindo as portadas de cada número. Imos coa seguinte tralo parón de abril e maio: **xuño de 2005. Nº7**

LUÍS E VÍCTOR CASTRO CASAL, HOTEL CARLOS 96

## “Queremos que vir ao Hotel Carlos 96 non sexa unha simple comida, senón unha experiencia”

*Foi un dos sectores máis afectados pola crise sanitaria do Covid-19, a hostalería, o turismo; pero o Hotel Carlos 96 de Melide, que actualmente xera emprego para 12 familias, estivo e está sempre en constante evolución. Coñecemos como viviron o confinamento, que novidades traen de cara ao futuro e como están a transformar esta situación nunha oportunidade da que saír aínda máis renovados.*

**- Antes de nada, como están, como viviron esta situación?**

**- Luís Castro Casal (L.C.):** Agora estamos con moita cautela, vendo como está evolucionando a situación, como se están asentando os costumes. E a situación como é lóxica colleunos un pouco desprevidos, porque estabamos coa idea de buscar novas experiencias máis que servizo de comida, cafetería, almorzo e durmir; e tiñamos proxectos para desenvolver esas experiencias, pero houbo que parar.

**- A que se refire coa idea de buscar experiencias?**

**- L.C.:** Sabemos que a xente non só vai a un sitio a comer, senón que vai buscando unha experiencia así que niso andabamos, intentando enfocar un pouco todo iso. Xa antes da pandemia o que é o mercado, o ocio, estaba cambiando, estaba habendo unha revolución. E no noso caso é o mesmo; dende que chegamos no ano 96 este negocio sempre foi en evolución, sempre foi cambiando. O que comezou como un negocio de vodas e banquetes especializouse un pouco máis en hotel, en menús... é dicir, foi un cambio constante; e tendo en conta iso estabamos barallando diferentes ideas. Que foi o que pasou coa crise sanitaria, pois que fixo que se acelerasen esas ideas.

**- Chegaron a pechar totalmente o seu negocio durante a alerta sanitaria?**

**- L.C.:** Si, pechamos totalmente, dende a declaración do estado de alarma en marzo ata o pasado 11 de maio que nos deixaron abrir.



**- Entendo que as perdas tamén foron absolutas?**

**- L.C.:** Si claro, totais. E non só iso; canto máis grande é o establecemento, os gastos fixos tamén son máis elevados.

**- Cando volveron a abrir, sabendo que ao mellor nos primeiros días non sería rendible, por que decidiron facelo?**

**- L.C.:** Para aprender. Nós ao principio fomos vendo os gastos que implicaba esta situación e tamén como tiñamos que desenvolvernos; se agora guantes, agora non; que se a mascarilla, como desinfectamos as habitacións... Se ben é certo que hai quen viu o noso negocio como unha oportunidade porque se podía ter un aforo máis grande cando aínda estaban limitados os espazos, eu creo que ter un sitio grande ou pequeno non era nin é o problema, senón ganar a confianza da xente. Vexo isto como un toque para que a xente volva un pouco ás súas raíces; agora máis que nunca ten que haber cooperación entre as empresas, máis que nada porque **se agora o facemos todos bendaremos confianza ao cliente, e o cliente sairá. De pouco vale que eu teña moito espazo para aloxar xente se despois a xente non ten confianza para**

**saír.** Así que, cooperación para que todos fagamos as cousas ben. Non sabemos se nun futuro poderá haber outro tipo de pandemias e este sería un primeiro paso. Facelo ben para que, pase o que pase no futuro, non teñamos que ir a un confinamento tan estrito como o que houbo e que as empresas non sufran tanto. **Destá situación todos temos que aprender algo:** aprender a aforrar, a comportarnos en espazos públicos, aprender a obedecer para non ter que volver a vernos privados de liberdade.

**- Trala reapertura, responderon os clientes?**

**- L.C.:** Si, en parte; ten en conta que o noso perfil de cliente é dunha avanzada idade, e esa clientela levouno con moita máis cautela.

**- Que servizos están ofrecendo agora mesmo?**

**- L.C.:** Empezamos co mínimo, co menú do día, foi moi gratificante porque camioneiros, obreiros que estiveron comendo bocadillos durante días agradecerónnos moito o poder ter un prato de comida quente. Logo continuamos con menú do día para levar para a casa, e bocadillos para aquí e para levar. A nosa idea foi ir introducindo pouco a pouco distintos servizos, igual que tamén da-

mos habitacións. Iso si, durante o confinamento houbo clientes, obreiros, que nos pediron habitacións, pero non llas puidemos dar porque non nos concederon o permiso para ser un dos hoteis abertos durante ese período.

**- Teñen xa algunha reserva?**

**- L.C.:** Si, temos reservas de obreiros, de xente que vén a traballar á zona, traballadores que xa nos estaban chamando antes de estar abertos. Non é o mesmo perfil de cliente que ao mellor tiñamos antes, que adoitaban ser máis ben peregrinos, pero nós sempre traballamos con obreiros. Aínda que o noso potencial cliente sexa o peregrino, sempre nos quixemos dedicar ao pobo, por iso é un hotel que está aberto todo o ano e para todo tipo de clientes, non só peregrinos.

**- Que novidades preparan de cara ao futuro?**

**- L.C.:** Tiñamos unha idea para dar un servizo extra ao pobo, pero agora mesmo con esta situación tivo que retraxerse, así que decidimos utilizar parte dos materiais desa idea para reformar a zona do bar e restaurante. E niso estamos, con cambios no hotel. Redecoramos todas as habitacións, puxemos un sistema de

calefacción e aire acondicionado con xeotermia tratando de buscar a sostibilidade das instalacións; de feito xa levamos tempo traballando na idea de facer o hotel máis ecolóxico. Logo, tamén **queremos que vir ao Hotel Carlos 96 non sexa unha simple comida, senón que sexa unha experiencia.** Por exemplo, o San Valentín xa foi cun humorista, o día do pai ía ser cun mago, queremos ofrecer experiencias, alternativas e non só simplemente comer. **A maiores tamén queremos sacar unha liña de cociña un pouco máis dinámica, alternativa** á que temos, para xente moza. Comida que se poida levar. Queremos que o que fagamos aquí a xente o poida levar para disfrutar na casa, é unha cousa que estamos intentando desenvolver, aínda temos que traballalo e ver como vai funcionando.

**- Quere trasladarlle algunha mensaxe aos seus clientes?**


**- L.C.:** Pois, que lle diría? Que estou aprendendo, que acepto propostas, e **que a xente saia con cautela e que xuntos o poderemos vencer, pero sempre xuntos. Isto non é cousa duns poucos, é cuestión do empresario e do cliente.**

**- Dende o seu punto de vista cre que imos recuperar o sector tal e como o coñeciamos antes?**

**- L.C.:** Como era antes... non sei, xa escoitas o que din, que hai que reubicar a 400.000 traballadores de hostalería noutros sectores. Eu creo que non se sabe, que falar por adiantado é absurdo. Vai depender de moitísimas cousas. Exipto era un dos grandes destinos turísticos mundiais. Hoxe non o é. **A seguridade é primordial, e a seguridade gánase; e non se gana hoxe, gánase co tempo e a constancia.** Por iso creo que non se pode voar, hai que dar pasos en firme.

**Hotel Carlos 96**  
Av. de Lugo, 119 - Melide  
Tfn.: 981 50 76 33

Volver a oír bien,  
es una decisión  
que cambiará  
su vida.



*Campaña* **VERANO**



**Revisión Auditiva 2020**

**GRATIS**

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

**Pida su cita al**

Ronda da Coruña 34, Bajo.  
C.P. 15800 **MELIDE**

**648 75 47 61**